

Consideracións sobre a historia dos sufixos *-ancia / -anza, -encia / -enza, -icia / iza, -icio / -izo* e das terminacións *-cia / -za* e *-cio / -zo* do galego*

Ramón Mariño Paz
Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCCIÓN

No seu ben coñecido estudio sobre a lingua de textos notariais galegos e do noroeste de Portugal redactados entre o século XIII e o século XVI, Maia (1986: 443-445) observa que na documentación galega por ela revisada o grupo *-rj-* pode producir tanto resultados nos que o iode desaparece ó subsumirse na consoante palatal á que dá lugar (*-ço, -ça*) coma resultados nos que o iode se mantén (*-cio, -cia*). Así, a profesora Maia atopa testemuños de *gãança* e de *gãancia*, de *paço* e de *paçio*, de *preço* e de *precio*. Por outra banda, os traballos de Ramón Lorenzo e algúns outros que presentan datos sobre o léxico galego medieval evidencian que na lingua daquel tempo había efectivamente unha alternancia entre os resultados sen iode (*-ço, -ça*) e os que non o eliminaban (*-cio, -cia*), e que isto ocorría tanto se as ditas terminacións tiñan a súa orixe en formas co dito grupo *-rj-* coma se a tiñan noutro tipo de combinacións, nomeadamente *-cj*¹. No seu mencionado estudio, Maia era moi prudente á hora de interpreta-las formas con iode mantido:

Creio que, de momento *-escribí-*, não temos elementos suficientes para explicar de modo definitivo as formas con *ï* conservado. Ou se trata de formas de carácter culto ou semiculto,

* Data de aceptación: xullo de 1995.

¹ Cf., entre outros, Lorenzo (1968), Lorenzo (1975/1977), Lorenzo (1985), Tato (1994) e o glosario de Afonso X o Sabio (1981).

posivelmente introduzidas na lingua por influencia eclesiástica, ou são a manifestación de que o galego (pelo menos, o galego de determinadas rexións) coñeceu un tratamento dos referidos grupos idéntico ao do leonés (Maia 1986: 445)².

Na súa proposta normativa para a lingua moderna o Instituto da Lingua Galega e maila Real Academia Galega (1995: 54-56) indican que no día de hoxe a lingua galega non presenta nesta terminación nin uns resultados uniformes e constantes, nin uns resultados completamente coincidentes cos do castelán ou os do portugués. Para estas dúas institucións, no galego común as formas con final en *-cio* ou *-cia* representan unha solución culta, mentres que as que presentan *-zo* ou *-za* son patrimoniais; ora ben, tamén sinalan que a “metade oriental” do territorio galego-falante coñece as terminacións *-ciol/-cia* como patrimoniais (*pacio*, *forcia*, *andacio*, etc.). Os datos dos que eu dispoño demostran que a falta de uniformidade á que me estou referindo tamén se detecta nos textos galegos da que podemos chamar “etapa media”, é dicir, a que une o final da Idade Media co século XIX (cf. Mariño 1991: I, 312-332). Ora ben, cómpreme advertir desde agora mesmo que no galego escrito xa a partir incluso do século XVII, e especialmente do XVIII en diante, a preocupación diferencialista de moitos escritores pode, para marcar de propósito a distancia do galego respecto do castelán, levar a introduci-lo resultado *-zo / -za* mesmo en voces cultas nas que este tratamento é a todas luces forzado, inadmisibile.

Co artigo que agora inicio propóñome achegar datos sobre a historia destes sufixos e terminacións galegas para, baseándome neles, intentar reflexionar sobre as explicacións que para os resultados con iode mantido daba en 1986 Clarinda Maia. Parto, para cumprir este obxectivo, dun catálogo de voces que fixen para a miña tese de doutoramento, onde recollía aquelas palabras contidas nos textos galegos de entre 1800 e 1840 (obxecto de estudio daquel traballo) que estivesen implicadas no problema da fluctuación das solucións *-ancia/-anza*, *-encia/-enza*, *-(i)ciol/-(i)zo*, *-(i)cial/-(i)za*, independentemente de cales foran as orixes delas. O que agora fago é achegar novos datos extraídos de textos medievais e dos séculos XVI e XVII que anteriormente non tivera en conta; estes novos datos, sumados ós que daquela expoñía, esixen modificar algunhas das observacións que entón facía e permiten chegar a conclusións máis sólidas e valedoras. Así mesmo, coa intención de valorar en que medida o carácter tardío das palabras afectadas está relacionado co triunfo das respectivas solucións con iode, profundei, sempre que o considerei preciso, no estudio particular de moitas delas e atendín especialmente á cuestión da súa data de penetración en dous dos romances ibéricos máis próximos ó galego: o portugués e mailo castelán. En bastantes ocasións observei que para voces galegas que non conseguín documentar ata o século XIX hai atestacións portuguesas ou castelás de finais da Idade Media (sobre todo do século XV)

² Ó falar de posible influencia eclesiástica, Clarinda Maia recorda en nota que Rivas (1976: 363-364) sinala que na zona das provincias de Lugo e Ourense en que se rexistran os topónimos *Pacio* e *Pacios* foi particularmente intensa a intervención e influencia dos bispos de Lugo no repoboamento que tivo lugar entre os séculos VIII e IX.

ou posteriores. Deste xeito é posible en certa medida ataca-lo problema de que a escaseza de documentación escrita en galego que se empeza a observar xa desde a segunda metade do século XV e non se resolve, alomenos relativamente, ata ben entrado o século XIX nos impide para non poucas voces ter unha primeira documentación que sexa realmente indicativa do momento en que tales palabras entraron efectivamente no idioma; nestes casos, as datas que nos ofrecen os dicionarios etimolóxicos portugueses e casteláns pódennos, sen dúbida, resultar orientativas.

Velaquí, pois, o catálogo de voces anunciado. Son o primeiro en recoñecer que non é exhaustivo, pero coido que si presenta datos suficientes para lles dar resposta ás cuestións que nesta introducción se puxeron sobre a mesa.

2. CATÁLOGO DE VOCES³

ABUNDANCIA (*Cacheiras*, l. 539). Idade Media: *avondança* (CSM, *Cronologia*), *abundança* (*Cronologia*). Século XVIII: *abundancia* (*Sobreira-Pap.*, p. 41, s.v.).

ADVERTENCEAS (*Artigo*, l. 56). Século XVIII: *adevertencia* (*Sobreira-Pap.*, p. 77, s.v.).

AGRACIADOS, V. **GRACIA**.

ASTRUSIAS (*Letrilla*, v. 53; 'astucias'). Valladares: *astrucia*.

AUDENCIA (*Gor. e Ming.*, l. 47; *Picaños*, ls. 144 -nun fragmento acastapado-, 148, 156), *audensia* (*Chaínsa*, ls. 145, 259, 291), *audencias* (*Picaños*, l. 186), *audenceas* (*Carta rec.*, l. 75). Idade Media: *abdiência* (*Cronologia*), *abdiēçia* - *abdiencia* - *abdiencia* - *audiēçia* - *audiēçia* - *obdiēçia* (APérez). Século XVI: *Audiencia* (*Relazón*, p. 137, l. 4). Século XVIII: *audiencia* (*Sobreira-Pap.*, p. 312, s.v.; p. 313, s.v. *audiencia eclesiástica* e *audiencia de Galicia*), *oudiencia* (*Sobreira-Pap.*, p. 312, s.v. *audiencia* y *oudiencia*). Valladares: *audència*.

AVARICIA (*Cacheiras*, l. 366 -na fala acastapada do personaxe Antón-). Idade Media: *avaricia* (*Cronologia*). Século XVIII: *avaricia* (*Sobreira-Pap.*, p. 325, s.v.). Valladares: *avariza*.

BENEFICIO (*Cacheiras*, ls. 57, 588), *beneficios* (*Cacheiras*, l. 260). Idade Media: *benefiçio* (*CGalega*, *Cronologia*, APérez).

BERZAS (*Farruco*, l. 650; *Cacheiras*, l. 951; *Pontedeva*, ls. 14, 25). Idade Media: *verça* (CSM), *uerça* (*CGalega*), *uerzas* (*Cronologia*), *uerssas* (*Maia*, P 101). Século XVIII: *berza* (*Sobreira-Pap.*, p. 383, nota 17).

BRAZOS (*Proezas*, ls. 64, 439; *Cacheiras*, ls. 157, 595, 603; *Rogos*, ls. 59, 320), *brasos* (*Adro*, l. 169). Idade Media: *braço* (CSM, *CGalega*, *CTroiana*). Século XVII: *braços* (*Entremés*, 3 r.). Século XVIII: *brazo* (*Sobreira-Pap.*, p. 424, s.v. *brazo*).

CABESA (*Bért. e Ming.*, l. 54; *Adro*, ls. 3, 217; *Alameda*, l. 194; *Alameda*, l. 26; *Picaños*, l. 162; *Chaínsa*, ls. 56, 247), *cabeza* (*Proezas*, ls. 10, 13, 384, 648; *Farruco*, ls. 617,

³ O desenvolvemento das abreviaturas empregadas atópase ó final do artigo. Para certas formas do dicionario de F. J. Rodríguez que estaban no manuscrito pero non pasaron á versión publicada, tiveren moi en conta a Pensado (1976).

641, 726, 1314; *Alameda*₂, l. 420; *Cacheiras*, l. 276, 396; *Casamenteira*, l. 227), *cabezas* (*Proezas*, ls. 57, 719; *Gor. e Ming.*, l. 4). Idade Media: *cabeça* (CSM, *CTroiana*), *cabeça - cabeca* (*CGalega*), *cabeza - cabezas* (*Maia*, L 21). Século XVII: *cabeza* (*Cambeadores*, 2-21; *Iria*, 12 r, 14 v), *cabesa* (*Entremés*, 2 r, 3 r.), *cabeça(s)* (*Iria*, 16 v; *Minervais*: del Río, vs. 13, 66; Guerrero, v. 9; Torrado, v. 74). Século XVIII: *cabeza* (*Sobreira-Pap.*, p. 197, s.v. *andavia*; p. 279, s.v. *asentarlle o miolo, ou juicio, ou cabeza a alguen*; p. 284, s.v. *asomar -1ª entrada-*; p. 323, s.v. *avanearlle a cabeza a alguen*). Valladares: *cabeza de còbra*.

CARTAPASEO (*Adro*, l. 21; 'cartapacio').

CENCEA (*Artigo*, l. 50; 'ciencia'), *sensia* (*Cacheiras*, l. 269), *cencias* (*Rogos*, l. 586), *sencias* (*Cacheiras*, l. 310). Idade Media: hai *ciencia* e *sciencias* en textos portugueses do século XIV (*Cronologia*). Século XVII: *sciencea* (*Iria*, 17 r), *sceencea* (*Iria*, 9 r)⁴, *cienza* (*Minervais*: Rodríguez, v. 62). Valladares: *cència*.

CINZA (*Rogos*, l. 630; *Suplemento*, v. 4), *cinzas* (*Cacheiras*, l. 959). Idade Media: *cĩisa* (CSM, *Cronologia*), *cijsa* (*CGalega*), *çĩjsa* (*CTroiana*, *Cronologia*), *çijza* (*CTroiana*, *Cronologia*), *çijsa* (*Cronologia*), *ciĩnsa* (*Cronologia*), *cimsa* (*Cronologia*), *ceniza* (*CTroiana*, *Cronologia*). F. J. Rodríguez: *cinza*. Valladares: *cinza*.

[*COBIZA*]: *cobizoso* (*Carta rec.*, l. 183) / *codicia* (*Cacheiras*, l. 111 -na fala acastrpada do personaxe Antón-). Idade Media: *cobiũa(s)* (CSM, *Cronologia*), *cobijça* (*CGalega*, *CTroiana*), *codiũa* (*Cronologia*), *codiça* (*Cronologia*). Século XVIII: *cubizar* (*Isla*, v. 3.4), *cobiza* (*Fruíme*, t. I, p. 316, núm. XXXIV, v. 5; *Sobreira-Pap.*, p. 175, s.v. *ambicion*; *Sobreira-Pap.*, p. 220, s.v. *apañar -2ª e 5ª entradas-*), *cobizar* (*Sobreira-Pap.*, p. 220, s.v. *apañar -2ª e 5ª entradas-*), *cobizoso* (*Sobreira-Pap.*, p. 175, s.v. *ambicioso*; *Sobreira-Pap.*, p. 325, s.v. *avarento*), *codicioso* (*Sobreira-Pap.*, p. 175, s.v. *ambicioso*), *codicio* (*Fruíme*, t. III, p. 318, núm. XVII, v. 128), *codicioso* (*Sobreira-Pap.*, p. 325, s.v. *avarento*). F. J. Rodríguez: *cobiza - cubiza*. Valladares: *cobiza*.

COMERCIO (*Picaños*₁, l. 208; *Picaños*₂, l. 103; *Cacheiras*, l. 329), *comersio* (*Quintana*, l. 133), *comercios* (*Letrilla*, l. 53), *comercear* (*Carta rec.*, l. 93). Século XVIII: *comerzo* (*Sarmiento-Col.*, v. 27.4). F. J. Rodríguez: *comerzo*.

CONCIENCIA (*Cacheiras*, l. 923), *concencia* (*Farruco*, l. 624). Idade Media: *consciencia* (*Cronologia*), *conçençias* (*Cronologia*). Século XVIII: *concencia* (*Fruíme*, t. III, p. 315, núm. XVII, vs. 27, 30; *Fruíme*, t. III, p. 318, núm. XVII, v. 124; *Sobreira-Pap.*, p. 72, s.v. *acusála concencia*). Valladares: *concència*.

CONFIANZA (*Cacheiras*, l. 423). Idade Media: *confianza* (CSM). Século XVIII: *confianza* (*Fruíme*, t. V, p. 182, Coplas gallegas.4, v. 2).

CONSECUENSIA (*Chaĩnsa*, l. 197). Século XVII: *consequenza* (*Minervais*: del Valle, v. 74; Rodríguez, v. 70), *consequencia* (*Minervais*: Torrado, v. 38).

⁴ Na *Corónica* (séc. XV), obra que non revisei sistematicamente, aparecen *sciencia* (p. 60) e *sçiencia* (p. 90) nas pasaxes en que *Iria*, o traslado do século XVII, pon *sceencea* e *sciencea*, respectivamente.

- CONSTANCIA** (*Cacheiras*, l. 724). Idade Media: **Constanza** (*Maia*, L 20; nome propio, en Monforte), **Costancia** (*Maia*, L 22; nome propio, en Zolle - Lugo). Século XVI: **Costança** (*Relazón*, p. 138, l. 42). Valladares: **constanza**.
- CONVENIENCIA** (*Cacheiras*, l. 371 -na fala acastrapada do personaxe Antón-), **conveniencias** (*Cacheiras*, l. 592), **convenencia** (*Farruco*, l. 374), **convenencias** (*Casamenteira*, l. 30). Idade Media: **convenencia** (*Cronologia*), **conuēnzas** (*Maia*, C 6; 'contratos'). Valladares: **comenencia** - **convenencia**.
- CORRESPONDENZA** (*Artigo*, l. 7). Século XVII: **correspondenza** (*Minervais*: Rodríguez, v. 36).
- CREENCIA** (*Rogos*, l. 557), **creencias** (*Cacheiras*, l. 848). Idade Media: **creença** (CSM, *CGalega*). Cuveiro: **creenza**. Valladares: **creença**.
- CHAINSA** (*Cháinsa*, l. 2).
- DELICIAS** (*Castro*, v. 43). Século XVIII: **delicia** (*Sobreira-Pap.*, p. 176, s.v. *ameno*). Valladares: **delicio**. Rosalía de Castro: **delicias**.
- DESCALZO** (*Proezas*, l. 206), **descalzos** (*Proezas*, l. 262). Idade Media: **descalço** (CSM, *CGalega*, *Cronologia*).
- DESGRACIA**, **DESGRACIAS**, **DESGRAZA**, **DESGRACIADOS**, V. **GRACIA**.
- DESPRECEA**, V. **PRESIO**.
- DULGENSEAS**, V. **INDULXENCIAS**.
- EDIFICIO** (*Cacheiras*, l. 480), **edifícios** (*Cacheiras*, ls. 452 - na fala acastrapada do personaxe Antón-, 540, 554, 767, 805, 806). Idade Media: **adefiços** (*CTroiana*, *Cronologia*), **edifícios** (*Cronologia*), **difezio** (*CTroiana*, *Cronologia*). Século XVIII: **adeficio** (*Sobreira-Pap.*, p. 73, s.v.; p. 78, s.v. *adifício*), **adifício** (*Sobreira-Pap.*, p. 78, s.v.; p. 73, s.v. *adeficio*).
- ÉFICACIA** (*Cacheiras*, l. 505). Século XVIII: **eficacia** (*Fruíme*, t. III, p. 318, núm. XVII, v. 127).
- ERENCIA** (*Cacheiras*, l. 588). Idade Media: **herença** (*Cronologia*), **herêça** (*APérez*). Rosalía de Castro: **harencia** - **herencia**.
- ESPACIO** (*Proezas*, l. 314). Idade Media: **espaço** - **spaço** (*CGalega*), **espaço** (*CTroiana*), **espazo** (*Maia*, C 6; *Cronologia*), **spaço(s)** (*Cronologia*)⁵. Século XVII: **espacio** (*Iria*, 2 r, 11 v). Valladares: **espazo**. Rosalía de Castro: **espaço**.
- ESPERENCIA** (*Cacheiras*, l. 489), **esperencia** (*Cacheiras*, l. 383 -na fala acastrapada do personaxe Antón-). Idade Media: hai **experiençia**, **expiemçia** e **espiemçia** en textos portugueses do século XV (*Cronologia*). Valladares: **esperencia** - **esperenza**. Rosalía de Castro: **esperencia**.
- ESTANCIA** (*Cacheiras*, l. 580). Idade Media: **estança** (*Cronologia*), **malestança** (CSM, *Cronologia*). Valladares: **estanza**.
- EVIDENCIA** (*Cacheiras*, l. 356).
- EXISTENCIA** (*Cacheiras*, l. 150; na fala acastrapada do personaxe Antón).

⁵ Na *Corónica* (séc. XV) temos *espacio* (p. 34) e *espaço* (p. 69). Xa o advertiu Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *espaço*).

- EXERCICIO** (*Proezas*, l. 445). Idade Media: hai *exerciçio, exercicio e eixerçicio* en textos portugueses do século XV (*Cronologia*).
- FORSA** (*Adro*, ls. 76, 228), *forza* (*Proezas*, l. 458; *Farruco*, ls. 22, 916, 947; *Alameda*₁, l. 86; *Carta lib.*, l. 41; *Rogos*, ls. 547, 577; *Pontedevea*, ls. 15, 31), *forzas* (*Proezas*, l. 549). Idade Media: *força - forcia* (CSM), *força* (*CTroiana*, *CGalega*, *Cronologia*, *APérez*), *forza* (*Cronologia*). Século XVI: *força* (*Relazón*, p. 138, l. 48). Século XVII: *força* (*Iria*, 8 v, 9 v; *Entremés*, 2 r.; a lectura é insegura), *forza* (*Minervais*: del Valle, v. 30; *Rodríguez*, v. 13). Valladares: *forza*.
- FRANCIA** (*Proezas*, l. 160; *Farruco*, l. 729; *Picaños*₂, ls. 79 -quizais en castelán-, 112; *Cacheiras*, ls. 42 -quizais en castelán-, 433, 435, 574), *Fransia* (*Quintana*, l. 104). Idade Media: *França* (CSM), *França - Ffrança - Frãça* (*CGalega*). Século XVII: *Francia* (*Iria*, 2 v), *Francea* (*Iria*, 5 r)⁶. Século XVIII: *Franza* (*Sarmiento-Col.*, vs. 596.3, 869.3).
- GALICIA** (*Proezas*, l. 684; *Alameda*₁, l. 94; *Picaños*₂, l. 29; *Carta rec.*, ls. 52, 119, 130, 133, 156; *Carta lib.*, l. 40; *Romance*, vs. 6, 99; *Burón*₁, v. 63; *Pontedevea*, l. 62), *Galisia* (*Adro*, l. 245), *Jalisia* (*Alameda*₂, l. 24). Idade Media: *Galiza* (CSM), *Galiza - Galliza - Galiça* (*CGalega*), *Gallizia*⁷ (*Maia*, L 28), *Galliza* (*Maia*, L 20, etc.), etc. Século XVI: *Galicia* (*Relazón*, p. 137, l. 2; p. 138, ls. 1, 19). Século XVII: *Galizia* (*Tonel*, v. 22), *Galicia* (*Torrado*, v. 61; *Cambeadores*, 2-29, 3-27; *Iria*, 1 v, 2 v, 3 r, 16 r), *Galicea* (*Iria*, 5 v, 9 r, 9 v, 10 v, 11 v, 17 v), *Galiça* (*Iria*, 13 v)⁸. Século XVIII: *Galicia* (*FeijooP.*, v. 43; *Sobreira-Pap.*, p. 313, s.v. *Audiencia de Galicia*). Valladares: *Galiza*. Rosalía de Castro: *Galicia*.
- GANANCIA** (*Concheiros*, l. 43; *Cacheiras*, l. 567; *Pontedevea*, l. 29), *ganancias* (*Burón*₁, l. 40). Idade Media: *gaança* (CSM), *gaança - gaaça* (*CGalega*), *gaãça* (*CTroiana*). Século XVII: *ganancias* (*Cambeadores*, 4-19), *ganança* (*Entremés*, 1 r.; no parlamento pseudoportugués do fidalgo), *ganança* (*Minervais*: Pardiñas, v. 40). Valladares: *gananza*.
- GOZO** (*Romance*, vs. 13, 40, 51, 63). Idade Media: *goyo* (CSM), *goyo - gozo* (*CGalega*)⁹. Século XVII: *gozo* (*Iria*, 4 v).
- GRACIA** (*Farruco*, ls. 710, 1269, 1315; *Picaños*₁, l. 87; *Cacheiras*, l. 395; *Carta rec.*, l. 98; *Corral*, l. 19), *grasia* (*Letrilla*, l. 84), *gracias* (*Farruco*, ls. 11, 31, 954, 963; *Alameda*₂, l. 304; *Picaños*₂, ls. 20, 104; *Rogos*, l. 79; *Letrilla*, l. 90; *Castro*₂, l. 27), *graceas* (*Décima*, l. 9), *gracias* (*Quintana*, l. 210; *Alameda*₁, l. 56; *Alameda*₂, l. 312 -na fala

⁶ Na *Corónica* (séc. XV) había *França* (pp. 38, 47) nas pasaxes onde no traslado do século XVII se le *Francia* e *Francea*.

⁷ *Maia* (1986: 452) entende que nesta palabra *zi* é simplemente un «grafema composto», e non un testemuño dunha forma co iode mantido.

⁸ Na *Corónica* (séc. XV) non se documenta nunca *Galicia*, senón unicamente *Galiza*, *Galíza* ou *Gallíza*; cf. pp. 34, 36, 38, 46, 50, 60, 61, 62, 65, 68, 76 e 92.

⁹ Para *Lorenzo* (1975/1977: II, s.v. *goyo*), *gozo* é un castelanismo que desprazou o galego *goyo*.

acastropada do personaxe Freitaso-; *Concheiros*, ls. 4, 52, 160 -2 veces-; *Letrilla*, l. 61), *jrasiás* (*Alameda*₃, ls. 22, 42), *agraciados* (*Castro*₄, l. 29), *desgracia* (*Cacheiras*, ls. 389, 442, 568; *Castro*₃, l. 36), *desgracias* (*Cacheiras*, l. 885), *desgraciados* (*Carta rec.*, l. 103) / *desgraza* (*Cacheiras*, l. 891). Idade Media: *graça - gracia - graçia* (CSM), *graça* (*CGalega, Cronologia*), *graça - graçiar* (*CTroiana*), *graçia - graça(s)* (*APérez*). Século XVII: *gracia(s)* (*Iria*, 2 r, 4 v, 6 r, 11 v, 13 v, 16 r), *gracia* (*Minervais*: Pardiñas, v. 60), *desgracia* (*Minervais*: Pardiñas, v. 64), *gracea(s)* (*Iria*, 4 r, 4 v, 6 v, 7 v, 8 v, 17 v)¹⁰. Século XVIII: *gracias* (*Noguerol*, v. 50; *Isla*, v. 9.4), *gracia* (*Fruíme*, t. III, p. 318, núm. XVII, v. 130), *gracia* (*Sarmiento-Col.*, v. 724.3; *groria B*), *graza* (*Sarmiento-Col.*, v. 956.4), *grazas* (*Sarmiento-Col.*, v. 109.4, 405.4, 1098.3), *desgraza* (*Sarmiento-Col.*, v. 373.1), *desgracia* (*Sobreira-Pap.*, p. 342, s.v. *azoute* -2ª entrada-). Valladares: *desgraza*. Rosalía de Castro: *gracia - gracias - grasia*.

HOSPICIOS (*Cacheiras*, l. 456 -na fala acastropada do personaxe Antón), *ispisio* (*Quintana*, ls. 116, 120), *ispisios* (*Quintana*, l. 108).

INCONTINENCIA (*Cacheiras*, l. 401). Idade Media: hai *continencia* no *Livro dos Ofícios de Marco Tullio Ciceram*, traducción portuguesa do século XV (*Cronologia*). Século XVII: *continencea* (*Iria*, 10 v)¹¹.

INDEPENDENCIA (*Picaños*₂, l. 91; *Cacheiras*, l. 491).

INDULXENCIA (*Cacheiras*, l. 317), *dulgenseas* (*Bért. e Ming.*, l. 3). Século XVIII: *indulxencia* (*Fruíme*, t. III, p. 318, núm. XVII, v. 125). Rosalía de Castro: *indulxencia*.

INSOLENCIA (*Cacheiras*, l. 350). Século XVIII: *insolencia* (*Noguerol*, v. 11).

INSTANCIA (*Alameda*₁, l. 37). Idade Media: *instancia* (*Cronologia*), *jnstancia* (*Cronologia*).

INTELIGENCIA (*Cacheiras*, l. 214). Idade Media: hai *intelligencia* nun texto tardío portugués (*Cronologia*).

INTENDENCIA (*Picaños*₁, l. 158 -nun fragmento acastropado-), *intendensia* (*Picaños*₁, l. 145 -nun fragmento acastropado-).

INXÛSTIASIAS, INJUSTICIA, JUSTICIA, JUSTIZA, V. XSUSTICIA.

ISPISIO, ISPISIOS, V. HOSPICIOS.

JALISIA, V. GALICIA.

JRASIAS, V. GRACIA.

LENZO (*Cacheiras*, l. 514), *lenzos* (*Castro*₁, v. 77). Idade Media: *lenço* (CSM), *lenzóós* (*Maia*, L 21). Valladares: *lenzo*.

LICENCIA (*Alameda*₂, l. 424), *licencea* (*Artigo*, l. 11), *licencia* (*Cacheiras*, l. 292; verbo). Idade Media: *liçença* (*Cronologia*, *APérez*), *liçença* (*Cronologia*), *liçêçia* (*APérez*). Século XVII: *licencia* (*Iria*, 4 v), *licencea* (*Iria*, 4 v, 10 v, 11 v, 14 r)¹².

¹⁰ Na *Corónica* de 1468 temos case sempre *graça(s)* (pp. 34, 42, 53, 56, 59, 69, 76, 86 e 92) e só unha vez *gracias* (p. 63).

¹¹ Na *Corónica* (séc. XV), obra que non revisei sistematicamente, aparece *continencia* (p. 65) na pasaxe en que o traslado do século XVII pon *continencea*.

¹² Nas mesmas pasaxes que presentan *licencia* ou *licencea* no copia da *Historia de Iria* do século XVII a *Corónica* do XV ten *liçença* (cf. pp. 43, 66, 69 e 80).

- LOURENSO** (*Letrilla*, l. 6), **Lorenzo** (*Cháinsa*, ls. 239, 268). Idade Media: **Lourenço** (CSM, *CGalega*), **Lourêzo** (*Maia*, P 92), **Lourêczo** (*Maia*, P 100), **Laurêcio** (*Maia*, C 2). Século XVII: **Lourenço** (*Iria*, 15 r, 15 v), **Lourenzo** (*Iria*, 15 r). F. J. Rodríguez: **Lourenzo**. Valladares: **Lourenzo**.
- MILICIA** (*Picaños*, l. 193).
- NECIAS** (*Cacheiras*, l. 446 -na fala acastrpada do personaxe Antón-). Idade Media: **neicio** (CSM, *Cronologia*), **neçia** - **neičia** (*CGalega*, *Cronologia*), **neyçeo** (*Cronologia*).
- NEGOCIO** (*Cacheiras*, l. 879), **negosio** (*Quintana*, l. 137), **negocios** (*Cacheiras*, l. 671). Idade Media: **negoçios** (APÉREZ, e noutros textos do século XV). Século XVII: **negocios** (*Iria*, 11 v), **negoceos** (*Iria*, 10 v).
- NOTICIA** (*Proezas*, ls. 81, 196, 243, 256, 259, 381, 562; *Farruco*, l. 139), **noticias** (*Proezas*, l. 390), **notisea** (*Adro*, l. 11). Idade Media: **notičia** (APÉREZ, e noutros textos do século XV), **nodiça** (*Cronologia*); en textos portugueses dos séculos XIV e XV, **noticia** (*Cronologia*). Século XVII: **noticia** (*Cambeadores*, 3-2).
- OBEDECENCIA** (*Carta lib.*, l. 39). Idade Media: **obedeença** (CSM, *Cronologia*), **obediēcia** - **obediēça** (*CGalega*, *Cronologia*). Século XVII: **obediencia** (*Iria*, 16 r)¹³. Valladares: **obedēncia** - **obidēncia** - **obidēnza**.
- OFICIO** (*Gor. e Ming.*, l. 62; *Alameda*, l. 35; *Cacheiras*, ls. 56, 754; *Carta rec.*, l. 51; *Rogos*, ls. 131, 133, 270), **ofisio** (*Cháinsa*, ls. 173, 174, 220), **uficio** (*Rogos*, ls. 140, 141, 143, 168, 196, 265, 462, 622), **oficios** (*Cacheiras*, ls. 157 -na fala acastrpada do personaxe Antón-, 526, 728, 776; *Carta rec.*, l. 135), **ofisios** (*Quintana*, l. 108). Idade Media: **offiçio** - **offiço** (CSM), **ofiçio** - **offizio** (*CGalega*), **ofiçio** (*CTroiana*; *Maia*, C 10; APÉREZ), **offizio** (*Maia*, P 106). Século XVII: **oficeo(s)** (*Iria*, 6 r, 13 r, 16 r, 16 v), **oficios** (*Iria*, 16 v)¹⁴. Século XVIII: **oficio** (*Sobreira-Pap.*, p. 317, s.v. *auto de oficio*).
- ONZA** (*Burón*, v. 41), **onzas** (*Picaños*, l. 87; *Cacheiras*, l. 952). Idade Media: **onça** (*CGalega*), **õça** (APÉREZ).
- PACENCIA** (*Farruco*, ls. 91, 236, 283, 1313; *Carta lib.*, l. 45), **pasiensia** (*Concheiros*, ls. 45, 137). Idade Media: **paçiēçia** (*CGalega*, *Cronologia*). Século XVII: **paciencia** (*Minervais*: del Valle, v. 28). Século XVIII: **paciencia** (*Sobreira-Pap.*, p. 243, s.v. *apurar a paciencia a alguen ou de alguen*). Valladares: **pacēncia**.
- PALASIO** (*Letrilla*, l. 91). Idade Media: **paaço** (CSM, *CGalega*¹⁵, *CTroiana*, APÉREZ), **paaços** (APÉREZ), **paço(s)** (APÉREZ), **Páázos** (*Maia*, L 27; topónimo), **Paaços** - **Pááços** (*Maia*, L 34), **pááço** (*Maia*, L 33 e L 35), **Pááços dos Caualeyros** (*Maia*, L 35; topónimo), **Pááços de Ssan Croyo** (*Maia*, O 61), **Páácós** (*Maia*, L 34), **Pááçios** (*Maia*, O 54; topónimo), **Paaçeo** (*Maia*, L 38; topónimo), **paçio** (*Maia*, L 42). Século XVII: **paço(s)** (*Iria*, 16 r). Valladares: **pazo**. Rosalía de Castro: **palacio**.

¹³ Leo *obediencia* (p. 86) na *Corónica*.

¹⁴ Na *Corónica* (séc. XV) atéstanse *ofiçio(s)* e *oficios* (cf. pp. 51, 52, 75 e 87).

¹⁵ Na *CGalega* hai *palaçio* nun fragmento en castelán.

PEDAZO (*Farruco*, ls. 635, 647, 963), **pedazos** (*Proezas*, l. 700). Idade Media: **pedaço** (*CTroiana*, *CGalega*, *APérez*). Século XVII: **pedazo** (*Iria*, 8 v), **pedaços** (*Iria*, 10 r). [PENETENSA]: **penetensareo** (*Bért. e Ming.*, l. 40). Idade Media: **pēdença** (CSM, *Cronologia*), **piadença** (*Cronologia*), **pēdença - pedença - penitencia** (*CGalega*), **peedença - penjtencia** (*CTroiana*)¹⁶. Século XVII: **penitenceas** (*Iria*, 3 v), **penitencias** (*Iria*, 15 v)¹⁷.

PERXUDICIOS, V. **XSUICIO**.

PEZAS (*Picaños*, l. 119). Idade Media: **peça** (CSM, *CGalega*, *CTroiana*, *APérez*).

PORVINCIA, V. **PROVINCIA**.

POZO (*Proezas*, l. 376; *Rogos*, l. 565). Idade Media: **poço** (CSM).

PRASA (*Adro*, l. 193; *Quintana*, l. 142), **praza** (*Alameda*, l. 115; *Picaños*, l. 218; *Cacheiras*, ls. 39, 49, 88; *Rogos*, l. 56), **prazas** (*Picaños*, l. 75; *Cacheiras*, l. 418). Idade Media: **praça** (CSM, *APérez*), **praça - plaça - praza** (*CGalega*), **praça - praza** (*CTroiana*), **praça - praza - plaça - plaza** (*Cronologia*). Século XVII: **praza** (*Iria*, 5 r). Século XVIII: **plaza** (*Sobreira-Pap.*, p. 112, s.v. *agra*; *Sobreira-Pap.*, p. 279, s.v. *asentar plaza*). Valladares: **praza**.

PRESENCIA (*Cacheiras*, l. 209). Idade Media: **presencia** (CSM), **presēza** (*Maia*, C 3), **presença** (*Maia*, *passim*), **presença** (*Maia*, O 59), **presença - presenza - prezenza - presenja** (*Cronologia*), **presença - presenja** (*APérez*). Século XVII: **presença** (*Iria*, 6 v), **presencia** (*Iria*, 11 r), **presencea** (*Iria*, 17 v)¹⁸. Século XVIII: **presencia** (*Fruíme*, t. III, p. 315, núm. XVII, v. 26). Valladares: **presēza**. Rosalía de Castro: **presença**.

PRECIO (*Quintana*, l. 233; *Cháinsa*, l. 275), **desprecea** (*Artigo*, l. 57). Idade Media: **preço** (CSM, *CGalega*, *CTroiana*), **prezo** (*Maia*, P 108, L 25), **prezu** (*Maia*, C 7), **precio** (*Maia*, L 24), **prezo - prezu - preszu - preço** (*Cronologia*), **preço - preço** (*APérez*), **despreçamento - despreçar** (*CGalega*). Século XVI: **preçan** (*Relazón*, p. 138, l. 59). Século XVII: **preço** (*Tonel*, vs. 10, 19). Século XVIII: **prezo** (*Sarmiento-Col.*, vs. 23.4, 31.4, 104.4, 117.4, 151.4, 342.2, 613.4, 638.4, 690.4, 728.2, 796.4, 1009.2, 1178.2), **precio** (*Sobreira-Pap.*, p. 36, s.v. *abrir ou romper precio*), **aprecio** (*Sobreira-Pap.*, p. 235, s.v.), **desprezo** (*Sarmiento-Col.*, v. 514.2), **desprezos** (*Sarmiento-Col.*, v. 1098.4), **menosprecio** (*Sobreira-Ens.*, p. 261, cantar 26). Cuveiro: **prezo**. Valladares: **desprezo - prezo**. Rosalía de Castro: **despreçiable, despreço, despreça**.

PROVINCIA (*Gor. e Ming.*, l. 56; *Picaños*, l. 151 -nun fragmento acastrapado-; *Cacheiras*, l. 878; *Pontedeva*, l. 19), **provinsia** (*Adro*, l. 245), **porvincia** (*Gor. e Ming.*, l. 56). Idade

¹⁶ Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *pēdença*) dá esta información: «Desde el XV adquiere *pendença* el valor 'pendencia, riña', con la forma divergente más mod. *pendência* [...]. Desde el XIV el cultismo *penitencia*». Na *Corónica* rexístrase *penitencias* (pp. 40, 84).

¹⁷ Na *Corónica* (p. 54) obsérvase que o texto do século XV ofrece *persona* na pasaxe do folio 6 v. en que

¹⁸ o traslado do século XVII dá *presença*; en cambio, correspóndelles *presença* (coa variante *pressencia* nun dos manuscritos para o segundo caso) na obra do século XV ás documentacións seiscentistas de *presencia* e *presencea*.

- Media: *prouinçia - prouinça - prouençia* (CGalega), *prouinçia - prouïçia - [prouïcia]* (CTroiana). Século XVII: *prouincia* (Iria, 11 v), *proui[n]cia* (Iria, 11 v), *prouincea* (Iria, 11 v)¹⁹. Rosalía de Castro: *provincia*.
- RESISTENCIA (Proezas, ls. 402, 428).
- REXÊNCIA (Adro, ls. 7, 30, 35, 52, 61), *rexensia* (Adro, l. 260).
- RUCIO (Burón₂, v. 7). Idade Media: *rruço* (CTroiana), *ruçia* (Cronologia). Século XVII: *ruço* (Entremés, 2 v.).
- SACRIFICIOS (Picaños₁, l. 28; Cacheiras, l. 508). Idade Media: *sacrifiço* (CSM, Cronologia), *sacrifiçio* (CGalega), *sacrifiçio - [sacrifizio]* (CTroiana).
- SELENCIÁ (Bért. e Ming., l. 53; 'excelencia'). Século XVIII: *Voselencia* (Fruíme, t. III, p. 315, núm. XVII, v. 30; t. III, p. 318, núm. XVII, v. 121). Valladares: *escelènza*.
- SENCIAS, SENSIA, V. CENCEA.
- SENTENCIA (Rogos, l. 356). Idade Media: *sentença* (CSM, CGalega, Cronologia), *sentêça* (CTroiana), *ssentença* (Cronologia), *sentenza* (Cronologia), *sentença(s) - sentêça - sêtêçia - sentêçia - sentençja(s)* (APérez). Século XVI: *sentencia* (Relazón, p. 138, l. 22), *sentencias* (Relazón, p. 138, l. 25). Século XVII: *sentencea* (Iria, 5 r, 14 r)²⁰, *sentenza* (Minervais: del Río, v. 10). Século XVIII: *sentencia* (Noguerol, v. 16). Valladares: *sentènnea*.
- SERVICIO (Farruco l. 154; Picaños₁, ls. 27, 36, 85; Cacheiras, ls. 239, 241, 295; Castro₁, l. 31), *servicios* (Picaños₁, ls. 65, 84; Picaños₂, l. 106; Cacheiras, l. 244; Carta rec., l. 82). Idade Media: *serviço* (CSM), *seruiço* (CGalega), *seruiço - seruiço* (CTroiana), *seruisço* (Maia, P 114), *serujço* (APérez), *seruizaes* (Maia, L 28). Séculos XVI-XVII: *seruiço* (Gondomar₁, l. 6). Século XVII: *serviço* (Minervais: Vallo, vs. 33 e 39), *seruicio* (Iria, 2 r²¹; Minervais: Pardiñas, v. 71). Século XVIII: *servicio* (Fruíme, t. III, p. 318, núm. XVII, v. 129). Valladares: *servizo*.
- SUBSISTENCIA (Cacheiras, l. 580), *susistencia* (Cacheiras, l. 731).
- TERCIO (Artigo, l. 37). Idade Media: *terço - terça* (CSM, CGalega, CTroiana, Cronologia), *terza* (Maia, C 6; Maia, L 21; Cronologia), *terzas* (Maia, L 21; Maia, P 94), *tercza* (Maia, P 100), *terca* (Maia, O 65), *tersa* (Cronologia), *tercia* (Cronologia), *terço(s) - terça - terciã* (APérez). Século XVIII: *terzos* (Sarmiento-Col., v. 498.4), *terza feira* (Sarmiento-Col., vs. 805.3, 977.1). Cuveiro: *terzo*. Valladares: *tercias reás*.
- TRISTEZA (Proezas, l. 711). Idade Media: *tristeza* (CSM, CGalega, Cronologia).
- UFICIO, V. OFICIO.
- VERGONZA (Farruco, l. 197; Alameda₂, l. 166; Picaños₁, l. 41; Cacheiras, l. 357; Carta rec., l. 90; Artigo, l. 4; Burón₁, l. 27; Casamenteira, l. 278), *verjonsa* (Alameda₂, l. 185; Alameda₁, l. 133). Idade Media: *vergonna* (CSM, Cronologia), *uergonça - uergona*

¹⁹ Lese *provinçia* nas pp. 68-69, 69 e 70 da *Corónica*.

²⁰ Na *Corónica* (p. 48) lemos *sentença* na pasaxe en que o folio 5 r da copia seiscentista dá *sentencea*; a segunda documentación da palabra só aparece no texto do século XVII.

²¹ Xa na *Corónica* (p. 35) se le *servicio*.

(CGalega), *uergonça* (CTroiana). Século XVII: *vergo[n]ça* (Iria, 5 r), *bregoña* (Entremés, 3 v.; nun fragmento en pseudoportugués). Século XVIII: *vergonza* (Sobreira-Pap., p. 328, s.v. *avergonzar* e *avergonzarse*; p. 425, s.v. *bregonza*). Valladares: *vergonza* - *vergoña*.

VICIOS (Cacheiras, ls. 271, 342). Idade Media: *viço* (CSM), *uiço* (CTroiana), *uiço* - *uizo* (CGalega). Século XVIII: *vicios* (Sarmiento-Col., v. 874.4), *aviciado* (Sobreira-Pap., p. 329, s.v.), *aviciar* (Sobreira-Pap., p. 330, s.v.; p. 329, s.v. *aviciado*), *aviciarse* (Sobreira-Pap., p. 330, s.v.), *vezarlo* (Sobreira-Pap., p. 330, s.v. *aviciar*), *vezase* (Sobreira-Pap., p. 330, s.v. *aviciarse*). Valladares: *vezo* (antigo).

XSUICIO (Proezas, l. 436; Gor. e Ming., l. 56), *xûicio* (Casamenteira, l. 243), *xûicios* (Alameda, ls. 14, 39), *perxudicios* (Cacheiras, l. 583). Idade Media: *joizo* - *juízo* - *juizo* (CSM), *juyzo* - *juizo* (CGalega)²², *juyzo* - *iuizo* - *joyzo* - *juyzio* (Cronologia), *juýso* - *juşo* - *juýsjo* (APérez). Século XVII: *juiceo* (Iria, 9 v)²³, *juizo* (Entremés, 3 v.), *joiso* (Entremés, 3 v.; nun fragmento en pseudoportugués). Século XVIII: *juicio* (Sobreira-Pap., p. 36, s.v. *abrir o juicio*; p. 279, s.v. *asentarlle o miolo, ou juicio, ou cabeza a alguen*), *ajuizado*²⁴ - *ajuizar* - *ajuizarse* (Sobreira-Pap., pp. 120, 121, s.v.). Valladares: *juizo*, *prejuizo*.

XSUSTICIA (Proezas, l. 601), *xusticia* (Farruco, ls. 98, 109, 949; Cacheiras, ls. 701, 711; Rogos, ls. 208, 220, 314, 542; Fiscal, v. 1), *xûsticia* (Alameda, ls. 12, 25, 40; Picaños₂, l. 57), *xûsticias* (Adro; l. 20; Alameda, l. 63), *xûstisia* (Picaños, l. 38; Picaños₂, l. 109; Chaínsa, l. 31), *justicia* (Farruco, ls. 636, 691, 918, 1298, 1304; Cacheiras, l. 70; Carta rec., ls. 44, 48, 121, 142), *inxûstisias* (Quintana, l. 145), *injusticia* (Alameda, l. 233) / *justiza* (Cacheiras, l. 773). Idade Media: *jostiza* - *justiza* - *jostizeiro* - *justizeiro* - *justizar* - *josticiar* (CSM), *justiza* (CTroiana), *justiza* - *justizar* - *justizeyro* (CGalega)²⁵, *justiza(s)* - *justizas* (APérez). Século XVII: *justiza* (Gondomar₂, l. 22), *senjustiza* (Gondomar₂, l. 17), *justicia* (Torrado, v. 57; Entremés, 1 v), *justicea* (Iria, 9 v), *ajusticeados* (Iria, 5 v)²⁶. Século XVIII: *justiza* (Sarmiento-Col.²⁷, vs. 519.1, 1062.3) - *justizeiro* (Sarmiento-Col.²⁸, vs. 1043.2, 1100.4), *justicia* (Sobreira-Pap., p. 282, s.v. *asistir a justicia a alguen*; p. 344, s.v. *babeyra*) - *ajusticiado* (Sobreira-Pap., p. 122, s.v.) - *ajusticiar* (Sobreira-Pap., p. 122, s.v.). Rosalía de Castro: *inxusticia*, *inxusticias*. Rodríguez: *xusticia*. Valladares: *justiza*.

²² Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *juyzo*) recolle varias documentacións medievas deste substantivo co iode conservado.

²³ Na mesma pasaxe a *Corónica* (p. 63) di *juizo*.

²⁴ Como consta en *Sobreira-Pap.*, p. 120, n. 80, Sobreira escribiu primeiro *ajuizado*, pero riscouno e substituíuno por *ajuizado*.

²⁵ Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *justiza*) indica que na *General Estoria* se documenta *justiza*: «por que o segio en *justiza* et en bondade amando a Deus».

²⁶ En 1468 temos na *Corónica*, por unha banda, *justizados* (p. 49, coa variante *justiciados* nun dos manuscritos) e, por outra, *justiza* (p. 63).

²⁷ No manuscrito B de *Sarmiento-Col.* temos *justicia* en ámbolos casos.

²⁸ No manuscrito B temos *justizeiro* para o v. 1043.2 e *justizeiro* para o v. 1100.4.

3. COMENTARIO DO CATÁLOGO DE VOCES

3.1. Creo que, á vista deste catálogo de voces, impónse comeza-lo seu comentario coa observación de que son inmensa maioría as voces que, nos textos galegos de entre 1800 e 1840 que foron revisados, se presentan única e exclusivamente co resultado que mantén o iode, sen ningunha diverxencia. Ademais, haberá que engadir que non son poucas as palabras en que detectamos, coa abertura do /i/ para /e/, a desaparición do ditongo nestas terminacións e a súa conversión en hiato. Falo de formas como *advertenceas*, *cartapaseo*, *cencea*, *dulgenceas*, etc., que, baseadas na tendencia popular a non pronuncia-los ditongos crecentes, foron recollidas por bastantes escritores modernos co evidente ánimo de introduciren cambios nos vocábulos galegos idénticos ós correspondentes casteláns. Así e todo, coido que é lícito computarmos estes resultados con hiato entre aqueles que presentan un tratamento culto, é dicir, con conservación do iode.

3.1.1. Entre as numerosas palabras que nestes textos de principios do XIX só aparecen co resultado *-cio/-cia*, hai en primeiro lugar unhas poucas para as cales non atopei documentación en ningunha das fontes galegas medievais ou dos séculos XVI, XVII e XVIII que consultei. Trátase de *astrusias* ('astucias'), *cartapaseo*, *evidencia*, *existencia* (só rexistrada nun fragmento de fala acastrapada, é dicir, castelanizada), *hospicios*, *independencia*, *intendencia* (só en fala acastrapada), *milicia*, *resistencia*, *rexência* e *subsistencia*. Salvo *hospicio*, para a que ofrecen a data aproximada de 1310 baixo a forma *espicio*, tódalas primeiras documentacións castelás destas voces que sinalan Corominas e Pascual (1987/1989/1991: s.v.) son do século XV ou posteriores. Para o portugués, Machado (1967: s.v.) apunta a data de 1345 para *milícia* (se ben coa forma latina *militia*), pero para as outras voces as primeiras documentacións que dá son sempre do século XV ou incluso máis tardías. Pola súa parte, Cunha (1994_b: s.v.) sinala o século XIV para *hospício* e tamén para *milícia* (coa forma *militias*), pero as primeiras documentacións das outras voces que ofrece son igualmente do século XV ou aínda máis tardías; merece destacarse a forma patrimonial *resisteença*, desestimada polo portugués moderno pero localizada por Cunha (1994_b:suplemento, s.v.) á par de *resistencia* no século XV.

Obsérvese, por outra banda, que, se para *esperencia*, *exercicio* e *inteligencia* non atopei documentacións galegas anteriores ó século XIX, si as rexistrei en textos portugueses do último treito da época medieval, xeralmente do século XV, e sempre con mantemento do iode (véxanse as correspondentes entradas do catálogo de voces precedente e tamén Cunha 1994_b: s.v.). Segundo Corominas e Pascual (1989: II, s.v.), a primeira documentación castelá de *experiencia* é de arredor de 1400 (*espiriencia*), a primeira de *exercicio* é do *Corbacho* (1438) (cf. Corominas e Pascual 1989: II, s.v.) e a primeira autenticamente románica de *inteligencia* é igualmente do *Corbacho* (cf. Corominas e Pascual 1989: III, s.v.)²⁹; é dicir, as primeiras documentacións castelás destas tres voces son todas do século XV, coma -salvo

²⁹ Aparece *intelligentia* nas Glosas de San Millán (ca. 950), pero, para estes autores, "debe de figurar sólo en calidade de voz latina comprensible".

no caso de *inteligência*, para o que Cunha (1994_b: s.v.) levanta un *jtelligencia* xa no XIV-en portugués. Trátase sen dúbida, pois, de formas de entrada tardía nos tres romances ibéricos centro-occidentais cos que estou traballando (galego, portugués e castelán) e, xustamente por esa mesma razón, presentan un resultado culto, con mantemento do iode.

Astrucia reaparece na segunda metade do século XIX con terminación que conserva o iode. Pola contra, *esperencia* encontra en Valladares un tratamento con absorción da semiconsoante palatal (*esperènza*). A meu entender, esta última forma é unha simple creación do lexicógrafo debida a unha actitude diferencialista respecto do castelán que no plano xeral se inspira no comportamento do portugués respecto destas terminacións ou naqueles coñecementos máis ou menos grandes que cada un teña do galego medieval. Ora ben, o *esperènza* de Valladares é con toda evidencia unha invención disparatada do lexicógrafo, pois, que eu saiba, non hai atestacións galegas antigas deste vocábulo e, ademais, o resultado portugués correspondente presenta solución con iode.

3.1.2. Para outras poucas palabras só con *-ciol/-cia* nos textos da antesala do Rexurdimento galego (1800-1840), unicamente encontrei documentación a partir do século XVIII. A meirande parte delas aparecen no setecentos xa co resultado que mantén o iode: *advertenceas*, *delicias*, *éficacia*, *indulxencia*, *insolencia* e *selencia* ('excelencia')³⁰. En castelán, as primeiras documentacións coñecidas destas voces son dos séculos XIV, XV ou, nos casos de *advertencia* e *insolencia*, do XVI (cf. Corominas e Pascual 1987/1989/1991: s.v.); para as correspondentes voces portuguesas Machado (1967: s.v.) e Cunha (1994_b: s.v.) ofrecen primeiras documentacións do século XV ou posteriores, non sendo no caso de *indulgência*, para o cal Machado menciona unha forma *endulgencias* que Viterbo (1966: I, s.v. *aggravar*) recolleu nun texto de 1287. A primeira documentación de *eficácia* que coñecen Machado e Cunha é do século XV, pero aparece aínda coa forma alatinada *efficatia*. En todo caso, coido que aquí se advirte unha vez máis que en galego e portugués, e desde logo en castelán, o feito de que unha destas voces teña entrada tardía no idioma supón que se incorpore a el con conservación da semiconsoante palatal e, por tanto, coas terminacións *-ciol/-cia*.

Respecto de *comercio/comerzo*, con solución unánime en *-cio* nos textos de 1800 a 1840 e remate en *-zo* na obra do Padre Sarmiento (ca. 1746) e mais en F. J. Rodríguez (1865), cómprenos ter en conta, por unha banda, que, como pode comprobarse consultando o catálogo de voces precedente, o primeiro utilizou de maneira case que exclusiva, e mesmo abusiva, as terminacións *-zol/-za* e, por outra, que F. J. Rodríguez tivo sempre moi á man o *Coloquio de vinteatro galegos rústicos* de Sarmiento durante o proceso de elaboración do seu dicionario³¹. Deste xeito, *comerzo* é probablemente unha creación de Sarmiento que

³⁰ En Valladares (1884: s.v.) hai *escelènza*, invención evidentemente inspirada pola preocupación diferencialista do lexicógrafo.

³¹ Cf. Rodríguez (1865: IX), onde o autor reconece expresamente que o seu dicionario se foi engrosando con voces de diversa procedencia, entre as cales menciona «otras pocas que saqué de las referidas Coplas [de Sarmiento], que por fortuna he leído».

Rodríguez recolleu e transmitiu. En castelán a primeira documentación de *comercio* é de arredor de 1580 (cf. Corominas e Pascual 1989: IV, s.v.); para o portugués, Machado (1967: I, s.v.) e Cunha (1994_b: s.v.) sinalan tamén o século XVI.

A *consequensia* pódolle acompañar dúas atestacións de *consequenza* e unha de *consequencia* en tres romances distintos do volume das *Festas Minervais* de 1697. Se se considera que a forma portuguesa remata realmente en *-cia*, que semella palabra descoñecida, polo menos ata onde eu sei, na produción galega medieval e que as súas primeiras documentacións advertidas en portugués e mais en castelán son do século XV (cf. Cunha 1988: s.v.; Corominas e Pascual 1991: V, s.v. *seguir*), coido que a única conclusión que respecto de *consequenza* se pode tirar é a de que estamos ante un abuso diferencialista máis.

3.1.3. Para outro mangado de verbas con triunfo absoluto de *-cio/-cia* nos textos de entre 1800 e 1840 encontrei documentación na Idade Media ou desde a Idade Media.

3.1.3.1. *Audencia, avaricia, beneficio, cencea, conciencia, edificio, instancia, necias, negocio* e *pacencia/pasiensia* xa ocorren sempre co iode conservado nos textos antigos, mesmo ás veces xa nas *Cantigas de Santa María*, como sucede con *necias*. Nestes dez casos, pois, as atestacións do XIX, sempre con iode, son simples continuadoras -fieis continuadoras- das medievais. De *audencia*, de *avaricia*, de *conciencia*, de *edificio* e de *pacencia/pasiensia* recadei tamén documentación intermedia que ofrece igualmente sempre unha terminación con iode mantido (sécs. XVI e XVIII para *audencia*; séc. XVII para *negocio*; séc. XVIII para *avaricia*³², *conciencia* e *edificio*; sécs. XVII e XVIII para *pacencia/pasiensia*).

Cencea ('ciencia') atéstase xa en obras portuguesas do XIV, onde ocorre sempre con iode; en textos do XV Cunha (1988: s.v.) recadou algún esporádico caso de *çiença* ou *şciência*, totalmente insignificantes e irrelevantes ante a inmensa maioría das solucións con terminación culta durante esa centuria. En castelán (cf. Corominas e Pascual 1989: II, s.v.) utilízase xa desde a obra de Gonzalo de Berceo (séc. XIII). En textos galegos as primeiras documentacións que coñezo son cultas e aparecen na *CTroiana* (séc. XIV). Os *sciência* e *şciência* da *Corónica de Santa María de Iria* (ca. 1467) foron transformados en formas con hiato (*sciencea, sceencea*) no traslado da *Historia de Iria* enviado a Tamayo de Vargas no século XVII. Tendo en conta todos estes antecedentes, o *cienza* dun dos romances das *Festas Minervais* (1697) non pode considerarse máis ca como un abuso diferencialista.

Para *incontinencia* é certo que non atopei, en sentido estricto, ningunha documentación galega medieval, pero si en troques un *continencia* na *Corónica de Santa María de Iria*, do século XV. O autor do traslado da *Historia de Iria* que no século XVII se lle enviou a Tamayo de Vargas escribiu nesa pasaxe *continencea*, é dicir, unha forma que, por te-lo ditongo crecente transformado en hiato, el debeu de estimar "máis galega", pero, en definitiva, unha forma que, ó igual cá da *Corónica* do catrocentos, non chegaba á terminación

³² Valladares (1884: s.v.) ofrece *avariza*, un abuso diferencialista.

en *-ça* ou *-za*. Por outra banda, rexistrei un *continencia* nunha traducción portuguesa do século XV, o *Livro dos Ofícios de Marco Tullio Ciceram*, e non se nos debe escapa-lo dato de que neste traslado do latín para o portugués se deslizaron bastantes latinismos que daquela eran aínda improprios do romance lusitano; de feito, no *Elucidário* de Viterbo (1966: I, s.v.) achamos un *conteenças* de 1278, mentres que Machado (1967: s.v.) ofrece *contença* no século XIV, *contenenças* no *Leal Conselheiro* (séc. XV) e *continência* e *incontinência* só no século XVI; Cunha (1994_b: s.v.) recolle a *conteença* do século XIII e, se ben nesta obra data a entrada de *continência* e *incontinência* no XVI, en Cunha (1988: s.v.) xa presenta unha ocorrencia da solución culta *cōtinēcia* no *Orto do Esposo*, texto dos finais do XIV e comezos do XV. Corominas e Pascual (1991: V, s.v.) mencionan para o castelán a primeira ocorrencia de *incontinencia* a finais do século XV. Salvando, pois, as documentacións portuguesas con *-ça* dos séculos XIII, XIV e XV, *continencia* e *incontinencia* parecen presentarse en xeral como formas cultas, e desde logo triunfan como tales en portugués desde o quíñentos.

3.1.3.2. Hai logo un nutrido grupo de voces que atopo só con terminación culta nos textos de entre 1800 e 1840 e que xa ocorren con ela na Idade Media, pero alternando daquela coas correspondentes solucións palatalizadas. Trátase de *constancia*, *conveniencia*, *espacio*, *Galicia*, *licencia*, *noticia*, *obediencia/obediencia*, *oficio*, *palasio* (*paaço*, *paaçio*), *presencia*, *presio*, *provincia*, *rucio*, *sacrificios*, *sentencia*, *servicio*, *tercio* e *xsuicio*. Entre todas elas, *oficio*, *provincia* e *sacrificios* xa presentan desde vello (no caso de *oficio* incluso desde as *Cantigas de Santa María*) unha clara tendencia ó resultado sen absorción do iode que se fai indiscutible desde antes de remata-la Idade Media; nestes tres casos o portugués moderno compartiu co galego o triunfo da solución en *-cio* ou *-cia*. Respecto de *obediencia/obediencia*, repárese en que, aínda que textos antigos coma as *Cantigas de Santa María* dan *obedeença*, xa na *CGalega* (séc. XIV) ocorre *obediēcia* e logo na *Corónica de Santa María de Iria* (séc. XV) escríbese *obediēcia*; en portugués o cultismo *obediencia*, que acabou desprazando a *obedeença*, aparece tamén xa en textos do século XIV e do XV (cf. *Cronologia* e Cunha 1994_b: s.v.) e triunfa na lingua moderna.

Constancia detéctoo ata o século XVI con alternancia, pero sempre como nome propio³³ e non como substantivo común. A finais do XIX Marcial Valladares, bastante proclive ó abuso diferencialista das terminacións con iode absorbido, dáo como *constanza* con ámbolos valores. En castelán a primeira documentación do substantivo común *constancia* que coñecen Corominas e Pascual (1989: II, s.v.) é de arredor de 1440, mentres que para o portugués Cunha (1994_b: s.v.) sinala unha do século XV. Logo parece que nos tres romances ibéricos que estou rastrexando ocorre que o nome propio presenta solución patrimonial (*Co(n)stanza*, *Costança*), en tanto que o común se acolle á terminación culta (*constancia*, *constância*) e entra tardiamente.

Conveniencia aparece como *conuēenzas* nun dos documentos medievais que constitúen o repertorio estudado por Clarinda Maia. Ora ben, a voz *conuēenzas*, con terminación carente

³³ Ferro (1992: s.v.) informa de que *Costanza* “foi nome frecuente na Galicia medieval”.

de iode, presenta alí o significado de ‘contratos’, que non pervive na lingua moderna pero que, sen embargo, tamén se coñeceu na Idade Media en portugués, pois Cunha (1988: s.v.) atéstao xa no século XIII. Para o castelán Corominas e Pascual (1991: V, s.v.) mencionan un *convenenza* de 1206 que logo acabou sucumbindo ante *convenencia* e *conveniencia*. A outra forma do galego medieval que recollín (*convenençia*) é con toda evidencia un cultismo, pois mantén o *-n-* intervocálico; pois ben, foi esta solución culta a única que prevaleceu tanto en galego coma en portugués e castelán, xa que o correspondente resultado con iode absorbido, a pesar de presentar un valor semántico particular, terminou por desaparecer.

Para *espacio*, se ben son clara maioría as documentacións medievais con *-ço* ou *-zo*, temos xa relatinización na *Corónica de Santa María de Iria*, acabada de copiar en 1468. Tendo en conta, por unha banda, que é precisamente a forma *espacio*, e non *espazo* ou *espaço*, a única que atopamos entre a segunda metade do século XV e o ano 1810 (desde a *Corónica de Santa María de Iria* ata as *Proezas de Galicia*, pasando pola copia seiscentista da *Historia de Iria*), e considerando, ademais, a vocación de oralidade que ten o mencionado texto de principios do século XIX, inclínome a pensar que as formas que durante o Rexurdimento emprega Rosalía de Castro ou propón Marcial Valladares non eran xa as da fala viva, senón as que lles dictaba a súa busca consciente, non poucas veces abusiva, de pureza idiomática.

Galicia ocorre practicamente sempre co iode conservado ou restituído desde o século XVI, e só achamos *Galiza* en Valladares, seguramente como reconstrucción culta. Ademais, débese poñer de relevo que, quitando a excepción única de *Galiça*, o traslado seiscentista da *Historia de Iria* presenta *Galicia* ou *Galicea* alí onde na *Corónica de Santa María de Iria* (século XV) ocorren *Galiza* ou *Galliza*. Salta á vista que no comportamento do autor da copia enviada a Tamayo de Vargas no século XVII primou neste punto un afán de actualización da forma medieval.

Licencia ten un nada desdeñable grupo de antecedentes con iode conservado no galego medieval que cando menos parten dun *liçençia* dun documento de 1314 para logo facerse bastante comúns todo ó longo do século XIV e do XV. Para o portugués Machado (1967: II, s.v.) cita tamén un *leçençia* no século XV.

En xeral, *noticia* ten case unicamente precedentes con solución *-cia* na Idade Media, especialmente no seu treito final, e mais no século XVII. O *nodiça* que vemos nun texto do século XIII, se non é unha mala lectura do editor, non poderá considerarse máis ca como unha curiosidade ou, se se quere, como unha posibilidade evolutiva de carácter patrimonial que no propio período medieval se viu superada polo correspondente resultado culto.

Para *palasio*, aínda que no medievo hai predominio de *paaço*, Clarinda Maia rexistra tamén formas do tipo de *paaçio* que, como topónimos ou como substantivos comúns, proceden de zonas das actuais provincias de Lugo e Ourense que coinciden ou non están moi lonxe daquelas en que hoxe se conserva este resultado con mantemento do iode³⁴. *Palacio*, obviamente, é un cultismo.

³⁴ Para a distribución actual, sobre todo na toponimia, das formas *pazo/pacio*, cf. Rivas (1976).

Pola súa parte, as voces *precio*, *desprecio* e *despreciar* presentan un comportamento diferente. En tódalas épocas, inda que sobre todo na Idade Media, estiveron moi presentes os resultados con palatalización e absorción do iode, que chegan á segunda metade do XIX³⁵ e incluso, segundo García (1985: s.v.), non morreron definitivamente na fala nin sequera na actualidade. Véxase tamén como as formas *preçan*, *preço*, *prezo* e *desprezo* se manteñen moi firmes en textos dos séculos XVI, XVII e XVIII. Así e todo, convén non esquecer tampouco que o tratamento que conserva o iode de *PRĒTIUM* tamén se documenta xa nos textos medievais.

Presencia xa aparece con iode nas *Cantigas de Santa María* e nun documento de 1260 editado por Margot Sponer e citado por Lorenzo na *Cronologia* (s.v.): “en mjña *presençja*”. É xa forma común en APérez (séc. XV). Obsérvase, ademais, que ás formas *presença* (nunha ocasión cunha variante *pressencia* nun dos manuscritos) da *Corónica de Santa María de Iria* (séc. XV) lles corresponden *presencia* e *presencea* na copia da *Historia de Iria* do século XVII que veño manexando. A tendencia para o triunfo da terminación con iode está clara nas obras do cura de Fruíme (séc. XVIII) e mais na *Parola de Cacheiras* (ca. 1836), de maneira que a volta ós resultados con absorción de [j] que vemos en Rosalía de Castro e mais en Valladares probablemente non se baseaba xa no seu coñecemento directo da fala viva da segunda metade do século XIX. A forma portuguesa *presença* documéntase desde o século XIII (cf. Cunha 1994_b: s.v.).

Para o substantivo *rucios* dun romance do século XIX (“pois cos *rucios* de Buron / Abuin acó non ven”) temos aínda *ruço* no século XVII (“aperta, *ruço*, y a ellos”), pero xa na Idade Media vémo-los adxectivos *rruço* (“a seu cavalo *rruço*”, na *Crónica Troiana*) e *ruçia* (“hua poldra *ruçia*”, citado na *Cronologia*, s.v. *ruço*). García (1985: s.v.) documenta no galego de hoxe o adxectivo *ruzo* coa acepción de ‘canoso’ e tamén di del que se lles aplica ós animais de color grisácea escura. Así, pois, na fala viva actual pervive a primitiva forma adxectiva (lat. *ROSCĪDUS*), logo substantivada, co sentido plenamente etimolóxico de ‘cheo de orballo, de *rocío*’ (e, de aí, ‘de color grisácea escura’) que lle sinalou Menéndez Pidal e que recolleron Corominas e Pascual (1991: V, s.v.); por outra banda, este significado non só é o que se documenta no galego medieval e mais no moderno, senón tamén o que teñen o portugués *ruço* e o castelán *rucio*. Como substantivos, as formas *ruzo* ou *rucio* parecen en galego tardías e castelanizantes.

Sentencia, que aparece unha vez nos *Rogos dun galego* (1813), ten como antecedentes medievais as formas *sentença*, *sentêça*, *sentenza*, *sentençja*, etc. As formas con iode mantido xa están bastante estendidas en APérez (séc. XV) e do século XVI en diante impoñense claramente. Véxase, a este propósito, como alí onde Rui Vasques escribiu *sentença* na *Corónica de Santa María de Iria* (séc. XV) o autor da copia seiscentista da *Historia de Iria* actualizou para *sentencea*. Así as cousas, o *sentenza* dun dos romances galegos das *Festas Minervais* de 1697 faise bastante sospeitoso de ser unha reconstrucción medievalizante de

³⁵ Á parte das documentacións desta época consignadas no catálogo de voces do presente artigo, convén engadir que Saco (1868: 253, § 259) daba *prezo* como a forma propia do galego común.

inspiración diferencialista. Obsérvase finalmente como incluso un autor coma Valladares, sempre tan proclive ás manipulacións diferencialistas, recolleu neste caso *sentèncea* e non *sentenza*.

Servicio, que ocorre sempre co iode mantido nas non poucas documentacións detectadas nos textos de entre 1800 e 1840, presenta case sempre a terminación *-ço* na Idade Media, pero xa rexistro un *servicio* na *Corónica de Santa María de Iria* que Rui Vasques acabou de copiar en 1468. O resultado *seruiço* debeuse de manter aínda nos séculos seguintes, pois aparece na correspondencia privada dirixida ó conde de Gondomar entre o final do século XVI e os inicios do XVII. Trala alternancia *seruiço/servicio* dos romances das *Festas Minervais* (1697) non vexo reaparece-la solución con absorción do iode ata o dicionario de Valladares, uns douscentos anos despois, cando probablemente xa non se sentía na fala.

Temos *tercio* nun artigo xornalístico de 1812: “os señores que teñen caseiros son os disfrutadores deles [dos montes comúns] facéndollos cabar é estibadar, mamándolles ó *tercio* nunhas partes, é noutras á metade do sudor do seu rostro”. Téñase en conta que, aínda que eran sen dúbida máis correntes *terço* e *terça*, os partitivos *tercio/tercia* non se descoñecían na época medieval³⁶, se ben como ordinal domina ata hoxe a forma *terza* en sintagmas como *terza feira*.

Para os *xsuicio*, *xúicio* e *xúicios* dos nosos textos de principios do XIX atopamos no medievo algún caso minoritario de conservación do iode, incluso nas *Cantigas de Santa María*. Por outra banda, se ben é certo que ó *juízo* da *Corónica de Santa María de Iria* do século XV lle corresponde *juiceo* na copia da *Historia de Iria* do XVII, merece tamén salientarse que no século XVIII o Padre Sobreira, que dá testemuño da forma *juicio*, rexistra ó mesmo tempo o participio *ajuizado* e mailo verbo *ajuizar(se)*, que fan supoñe-la existencia alternativa da base *juízo*, que é tamén a que aparece a finais do XIX no dicionario de Valladares.

Dos datos expostos e das observacións feitas neste punto 3.1.3.2 e mais no anterior (o 3.1.3.1) creo que se poden tira-las seguintes conclusións:

a) As terminacións *-ciol/cia* están xa bastante estendidas nos textos galegos medievais, e incluso non son poucas as voces que non presentan nunca *-çol-ça*.

b) Se ben as formas sen absorción do iode comezan a facerse máis frecuentes a partir do século XIV e, sobre todo, do XV, o certo é que algunhas como *neicio*, *offiçio* xa se detectan en textos do XIII.

c) En xeral obsérvase que durante os séculos XVI, XVII e XVIII se consolida a tendencia para o triunfo das terminacións con iode; a este respecto é interesante observar como en bastantes casos o autor da copia da *Historia de Iria* do século XVII cambiou case sempre para *Galicia* ou *Galicea*, *presencia* ou *presencea*, *sentencea* e *juiceo* os *Galiza*, *presença*, *sentença* e *juízo* que vemos na *Corónica de Santa María de Iria* de 1468. Así e todo, formas coma *preço*, *juízo* ou *justiza* mantivéronse bastante firmes entre o final da Idade Media e o século XIX.

³⁶ Á parte de revisa-las documentacións medievais con iode recollidas no catálogo de voces contido neste artigo, cf. Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *terço*).

d) Continúase observando que os cultismos e as voces de entrada tardía en xeral se acomodan sempre con terminacións en *-cio* ou *-cia*.

e) Cando menos desde o século XVII aprécianse en certos textos manipulacións evidentemente inspiradas nunha intención diferencialista ou, tal vez nalgúns casos, reconstrucións medievalizantes. Velaí abusos coma *cienza* ou probables medievalismos coma *sentenza* nalgúns romances galegos das *Festas Minervais* de 1697.

3.1.3.3. *Abundancia, creencia, erencia, estancia, Francia, ganancia e vicio*, con constante terminación en *-cio* ou *-cia* nos textos de 1800 a 1840 consultados, ocorren sempre con absorción do iode nas fontes medievais que revisei e aínda ás veces, pero desde logo xa non de maneira unánime, nas dos séculos XVI, XVII e XVIII ou da segunda metade do XIX. Aparentemente, pois, estamos ante casos nos cales se desandou o camiño andado durante a Idade Media, pois as solucións co iode subsumido foron dando paso na Idade Moderna a outras con el desenvolvido. Este artigo non ten ningunha intención prescritiva ou normativa e, por tanto, polo de agora podería abondar coa anterior observación, sen entrar neste momento a valorar se o comportamento detectado nestas sete voces se debe explicar por castelanismo ou como efecto dunha tendencia autónoma do noso idioma; naturalmente, tampouco pretendo derivar de aquí razóns para aconsellar un resultado ou outro para o estándar galego moderno. Sen embargo, si quixera facer algunha precisión sobre *abundancia, estancia, Francia, ganancia e vezolvizolvicio*.

Nos textos galegos medievais recadei *avondança* xa no século XIII e *abundança* no XIV, pero no último treito do século XVIII o Padre Sobreira recolleu xa *abundancia* da boca dalgún dos seus informantes. Por outra banda, no caso desta voz o portugués seguiu o mesmo camiño que percorreu o galego, pois, segundo Machado (1967: I, s.v.), dos *abundança, abondança e avondança* do século XV pasouse no XVI a un *abundantia* que entrou “por via culta” e que, en definitiva, é xa o *abundância* moderno; concordan cos de Machado os datos de Cunha (1986: s.v.), que no portugués medieval soamente rexistrou resultados con terminación en *-ça*.

Na *Parola de Cacheiras* (ca. 1836) temos unha ocorrencia do substantivo abstracto *estancia*, derivado de *estar* (“ás utilidás que vexo na *estancia* é subsistencia dos religiosos”), que é realmente o que documentamos na Idade Media coa terminación *-ça*. Como substantivo concreto co significado de ‘habitación, cuarto, dependencia’, Machado (1967: II, s.v.) rexístrao no portugués do XVI, pero xa baixo a forma culta *estância*, que podía alternar co italianismo *estança*.

Francia presenta terminacións en *-ça* na documentación medieval e é certo que lemos *Franza* aínda no XVIII, si, pero neste último caso atopámo-la forma nas coplas de Martín Sarmiento, que non semellan ser unha garantía de apego á lingua viva do momento no que a estas terminacións se refire; de feito, este autor era un bo coñecedor da lingua galega medieval e con certa frecuencia decidiu recorrer a ela á hora de modela-lo galego literario do seu *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos* (cf. Mariño 1995). Ademais, é bastante

significativo que as *Franças da Corónica de Santa María de Iria* (séc. XV) se convertesen en *Fracia* e *Francea* na copia seiscentista da *Historia de Iria*.

Tamén semellan creacións sen base na fala o *ganança* dos versos dun dos romances galegos das *Festas Minervais* o mailo *gananza* de Valladares, pois, como indica Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *gaança*), «tanto en port. como en gall., a partir del XVI, se usa el cast. *ganancia*». De feito, na *Memoria da Fundación da Confraría de Cambeadores*, unha falsificación que, inda que publicada entre 1734 e 1747, debeu de escribirse ó redor de 1624, o que se rexistra é *ganancia*.

Do latín *vīŕŕum* só recadei resultados como *viço*, *uiço* ou *uizo* nas fontes medievais revisadas. Sen embargo, no século XVIII percíbese xa unha dualidade entre a forma culta (*vicio*) e unha popular (*vezo*) que non presenta ningunha inflexión do timbre da vocal tónica. Segundo o Padre Sobreira, o verbo derivado da primeira aplicábaselles daquela ás persoas, mentres que o derivado da segunda se reservaba para os animais. Así o consignaba nas *Papeletas*:

«AVICIADO, DA. P.p. de *Aviciarse*. Viciado».

«AVICIAR. V.a. Ribadavia. Causar vicio, viciar a una persona, que al ganado es *vezarlo*».

«AVICIARSE. V.r. Ribadavia. Viciarse, tomar vicio alguna persona, que el ganado *vezase*» (*Sobreira-Pap.*, p. 330, s.v.).

Esta dualidade pervive na fala viva de hoxe, como proba García (1985: s.v. *bezado* e *bezar*). Tales especializacións semánticas non poden deixar de traernos á memoria restricións de significado como a que tamén sofre actualmente o substantivo *beizo*, que tende a reservarse para designar exclusivamente os labios dos animais (cf. García 1985: s.v.). Así, as formas especificamente galegas vanse «animalizando», en tanto que só as coincidentes coas correspondentes castelás son consideradas dignas de seren aplicadas ás persoas.

Modernamente emprégase, así mesmo, un adxectivo *vizoso* ‘fértil, exuberante’ (cf. García 1985: s.v.), que remite a un substantivo *vizo* ‘forza, vigor da vexetación’. Este substantivo recólleo en xeral os dicionarios actuais sen que pareza ter apoio na fala. Fronte a el, a forma culta *vicio* adoita presentarse coa acepción de ‘hábito repreensible’. En portugués dáse unha relación parella entre o cultismo *vício* ‘hábito represible’ e a voz patrimonial *viço* ‘vigor da vexetación ou bravura dun animal’.

3.2. No conxunto dos textos galegos de entre 1800 e 1840 hai alternancia entre os resultados con iode mantido e non mantido só nos casos de [*cobiza*]/*codicia*, *gracial*/*desgraza* e *xsusticial*/*justiza*. Mentres que para [*cobiza*]/*codicia* soamente dispoñemos de un único resultado de cada tipo, nos outros dous casos unha amplísima maioría das ocorrencias detectadas nestas fontes do primeiro XIX é para os resultados con iode conservado.

[*Cobiza*] (o que realmente rexistro entre 1800 e 1840 é o adxectivo *cobizoso*) resistiu de maneira bastante firme os embates do castelán *codicia*, forma que, así e todo, xa temos, se a lectura do editor do texto é correcta, na *General Estoria* do século XIV (cf. *Cronologia*,

s.v. *codicia*). Véxase ademais como as fontes do setecentos e o oitocentos dan *cobiza*, *cubiza* e as correspondentes formas derivadas de maneira moi constante.

Gracia xa ocorre nos textos medievais e documéntoa en exclusiva no século XVII; os case sistemáticos *graça* e *graças* da *Corónica de Santa María de Iria* (séc. XV) convertéronse en *gracia(s)* ou *graceas(s)* na copia da *Historia de Iria* do XVII que se custodia na Biblioteca Apostólica Vaticana. Tamén aparece maioritariamente *gracia* no XVIII, se ben alternando con resultados en *-za* nas coplas de Sarmiento, que con seguridade coñecía o *graça* dos instrumentos medievais e probablemente o tiña por forma máis propiamente galega ca *gracia*³⁷. No XIX o triunfo incontestable da terminación con iode só encontra a excepción de *desgraza* na *Parola de Cacheiras* e, como era de prever, tamén en Valladares.

Para os descendentes do latín *iūstītia* e os seus derivados, no século XIX xa predomina o resultado con iode conservado, se ben aínda temos *justiza* na *Parola de Cacheiras* e mais en Valladares; así mesmo, Saco (1868: 253, § 259) daba *xustiza* como a forma propia do galego común. Na época medieval impúñanse as formas sen iode, pero non de maneira absoluta; máis aínda: nun texto tardío coma APérez (séc. XV) é clarísima a predominancia de *justiças* fronte a *justiça* e *justiças*. No XVII e XVIII mantense a pugna, pois, ó tempo que as solucións con iode absorbido se manteñen bastante firmes (son, por exemplo, as únicas documentadas nunha das cartas privadas enviadas ó conde de Gondomar a principios do século XVII), aquelas que o conservan van avanzando claramente (e pénsese de novo o caso da copia seiscentista da *Historia de Iria*, que pon *justicea* e *ajusticeados* onde a *Corónica de Santa María de Iria* dicía *justiça* e *justiçados*). Por último, no século XIX parecen avanzar seriamente os resultados con iode.

3.3. O triunfo sen restriccións da solución co iode absorbido en *berzas*, *brazos*, *cabesa*, *cinza*, *confianza*, *Chainsa* (< PLANITIA), *descalzo* (< lat. vg. DISCALCEUS), *forsa*, *gozo*, *lenzo*, *Lourenso*, *onza*, *pedazo*, *pezas*, *pozo*, *prasa*, *tristeza* e *vergonza* non merece, por ser común, demasiados comentarios. Soamente anotarei que xa nas *Cantigas de Santa María* rexistramos *forcia*, unha forma con mantemento do iode que aínda hoxe pervive por terras da Galicia oriental onde tamén se senten, por exemplo, *pacio*, *andacio* ou *cansacio* (cf. Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega 1995: 56). *Gozo* (< GAUDIUM) é realmente un castellanismo que acabou desprazando a forma *goyo*.

Por último, nin *correspondenza* nin o suposto [*penetensa*] (realmente só documentei *penetensareo*), por se presentaren nunha única ocasión nos textos de entre 1800 e 1840, poden ser avaliados con suficientes elementos de xuízo. Con todo, está claro que *correspondencia*, por ser forma de entrada tardía tanto en galego coma en portugués (cf. Machado 1967: I, s.v.; Cunha 1994_b: s.v.) e en castelán (cf. Corominas e Pascual 1991: s.v. *responder*), debe

³⁷ Véxase o que en 1745 anotou Sarmiento: «Después, no sé en que año, vinieron los ingleses y arruinaron el monasterio del Tambo, y dicen arrojaron al mar las imágenes y que los pescadores de Combarro sacaron a Nuestra Señora de Gracia, y la depositaron en la capilla de Nuestra Señora de Reenda y allí la vi; y habiendo preguntado a la ermitaña dijo que era de Nosa Señora de Graza» (Sarmiento 1975: 131).

presentar, con toda evidencia, un resultado con iode mantido; por conseguinte, o *correspondenza* do século XVII (ano 1697) e o do XIX (ano 1813) son, sen dúbida, meras invencións diferencialistas. En canto a *penitencia*, recórdese que Lorenzo (1975/1977: II, s.v. *pēdença*) informa de que desde o século XV *pendença* adquire o valor de ‘pendencia, contenda, rifa’ e que xa desde o XIV se viña impondo o cultismo *penitencia* cos valores que hoxe lle coñecemos; de feito na *Corónica de Santa María de Iria* (séc. XV) só vexo *penitencias*, e logo na copia da *Historia de Iria* do XVII *penitenceas* e *penitencias*.

3.4. Creo que a elaboración do catálogo de voces que presento neste artigo e a súa revisión e comentario nos permite cando menos bosquexa-lo que foron as liñas evolutivas das palabras galegas no que toca ós sufixos e terminacións dos que me estou a ocupar. Semella fóra de toda dúbida que, ó igual que sucedeu cos descendentes da terminación latina -IONEM, había tamén para as palabras estudiaadas neste artigo unha convivencia medieval entre a solución que mantiña o iode (-*cio*, -*çio*, etc.) e a que o absorbía na articulación palatal da consoante (-*ço*, -*zo*, etc.), e mesmo en determinadas voces unha pugna entre un resultado e o outro. Na presente revisión documentouse esa alternancia medieval nos casos de *cobiçã/codiçã*, *Constanza / Constancia* (nome propio), *conveniencial/conuēenzas*, *espaço / espazo / espacio*, *força / forcia*, *Galiza / Galiça / Gallizia*, *graça / gracia*, *joizo / juizio / juiço*, *jostiça / justiça / justicias / justiciar*, *licencial/licença*, *noticial/nodiça*, *obedeença / obediência / obediẽça*, *offiçio / offiço*, *paaço / paacio*, *peedença / penjtença*, *presencia / presença*, *preço / prezo / precio*, *prouinça / prouinça*, *rruço/ruçia*, *sacrifiçio / sacrificio*, *sentencial/sentença*, *serviçio/serviço* e *terço/tercia*. En dez ocasións só rexistrei terminación con iode nas fontes galegas medievais consultadas: isto é o que acontece cos antecedentes de *audencia*, *avaricia*, *beneficio*, *cencea*, *conciencia*, *edificio*, *instancia*, *necias*, *negocio* e *pacencia/pasiensia*.

Parece ademais que desde as orixes do idioma alomenos unha zona da Galicia oriental coñeceu a terminación -*cio/-cia* como patrimonial. Formas coma *forcia* ou *paacio*, atestadas desde os nosos primeiros documentos escritos, así o indican. Contra finais do século XVIII, coma hoxe mesmo, persistían eses resultados na dita Galicia oriental. O Padre Sobreira, aínda que non delimitaba áreas extensas nin trazaba isoglosas, si indicaba que en Ribas de Sil a solución propia tiña iode, mentres que «ubique», «noutras partes», e en concreto en Ourense, se empregaban terminacións sen el:

ANDANCIA. S.F. Ribasil. Andanza.

[...]

ANDANZA. S.f. Orense (*Sobreira-Pap.*, p. 191, s.v.).

ci. Síllaba compositiva en Ribas de Sil, que suple por la letra Z de outras partes, afecta a la última vocal de las mismas diccionas, como : *Buencia* por *Buenza*, *Andacio* por *Andazo* (*Sobreira-Pap.*, p. 439, s.v.).

z. Letra. Ubique suple por ci, síllaba. V. ci (*Sobreira-Pap.*, p. 462, s.v.).

Sobreira só falou dos resultados que se daban nos puntos en que el vivira ou estivera, pero, curiosamente, hoxe en día mantéñense neses lugares as terminacións que el sinalou hai douscentos anos. Podemos, xa que logo, conxectar que daquela as isoglosas deste fenómeno cortarían o terreo por zonas non moi apartadas daquelas polas que hoxe discorren. En todo caso, observamos que o resultado con iode, antigo en galego ó lado do que o elimina, perdura en tódalas épocas como solución única nunha boa parte do territorio oriental.

Outra cuestión que importa agora subliñar é a de que, polo que vimos particularmente nos puntos 3.1.1 e 3.1.2 do comentario do catálogo de voces deste artigo, as voces que penetraron tardiamente no noso idioma (case sempre, debido á nosa azarosa historia, cunha primeira documentación datada nos séculos XVI, XVII, XVIII ou mesmo XIX) fixérono mantendo o iode, o que sen dúbida acabou arrastrando na mesma dirección outras que antigamente só presentaban terminacións en *-çol-ça* (ou, de se-lo caso, *-zol-za*) ou que se debatían entre unha solución e a outra. Efectivamente, desde o século XVI (ou en certos casos desde o XV) a renovación lexical do galego xa nunca botou man dos sufixos tradicionais *-ança* ou *-ença*, senón, no canto deles, de *-ancia* e *-encia*: *advertencia*, *consecuencia*, *constancia*, *conveniencia*, *correspondencia*, *excelencia*, *experiencia*, *estancia*, *evidencia*, *existencia*, *(in)continencia*, *(in)dependencia*, *indulxencia*, *insolencia*, *instancia*, *intelixencia*, *intendencia*, *penitencia*, *resistencia*, *rexencia*, *subsistencia*, etc. Sen dúbida, a forza analóxica deste grupo e o bloqueo productivo en que chegaron a encontrarse as solucións tradicionais contribuíron decisivamente á relatinización definitiva de voces coma *abundancia*, *creencia*, *erencia*, *espacio*, *estancia*, *Francia*, *Galicia*, *gracia*, *licencia*, *noticia*, *obediencia*, *oficio*, *presencia*, *provincia*, *sacrificio*, *sentencia*, *servicio* ou *tercio* (fronte a *terza feira*)³⁸. Creo, en definitiva, que se pode dicir que en xeral sufixos coma *-ança* / *-ença* ou *-iça* / *-iço* xa non eran productivos en galego ó remata-la Idade Media³⁹ e, ademais, que non soamente sucedeu que de alí en diante tódalas novas formacións (novo léxico abstracto, vocabulario técnico, terminoloxía científica, etc.) se construírían xa sempre con *-ancia*, *-encia*, *-icia* ou *-icio*, senón que incluso moitas daquelas voces que historicamente presentaban os sufixos tradicionais acabarían substituíndoos antes ou despois polos relatinizados⁴⁰.

No galego común unicamente non se restituíu o iode en toda unha serie de voces encadradas no que é o fondo léxico máis antigo do idioma (o da vida agrícola e tradicional,

³⁸ Ou tamén *silencio*: nun autor tan proclive á solución con absorción do iode como Sarmiento aparece sempre *silencio* en *Sarmiento-Col.*: vs. 301.4, 356.4. Na Idade Media encontrei *silêncio* (*Cronologia*) e *seenço* (*Maia*, C 2).

³⁹ Véxase, se non se trata dunha mala lectura do editor do texto en que aparece, o caso de *nodiça*, que aparece no século XIII pero xa non no XIV (cf. *Cronologia*), ó tempo que *noticia* se consolidaba como a única forma *normal* (falando en termos de Coseriu) para o galego.

⁴⁰ Non parece que sexa esta nin unha tendencia evolutiva exclusiva do galego nin unicamente detectable no tipo de sufixos e terminacións que se estudian neste artigo. Schmitt (1988: 79-109) sinalou que algo moi semellante ocorreu en español cos sufixos *-azón* e *-ación* e en francés, inda que menos rotundamente ca en español, entre *-aison* e *-ation*. Á historia dos sufixos galegos *-azón* e *-ación* pódenselle aplicar parecidos comentarios.

os sentimentos humanos máis elementais, as partes do corpo, os pesos ou medidas, topónimos e antropónimos, etc.): *berzas, brazos, cabeza, cinza, confianza, Chainsa, descalzo, forsa, gozo, lenzo, Lourenso, onza, pazo, pedazo, pezas, pozo, prasa, ruzo, tristeza, vergonza*⁴¹, etc. En cambio, durante os nosos séculos escuros (XVI, XVII, XVIII) a pugna entre *-ancial-anza*, *-(i)ciol-(i)zo* e *-icial-iza* mantívose bastante equilibrada nos casos de *cobiza* (loitando co castelán *codicia*), *gananzalganancia*, *prezo/precio*, *xuício/xuízo* e *xustiza/xusticia*, se ben cada vez con maior avantaxe para as formas con iode, é dicir, as que presentaban os sufixos realmente productivos no galego moderno.

A especialización semántica foi unha das vías que acabou valendo como salvagarda daquelas formas que presentaban un sufixo ou unha terminación tradicional, con remate en *-zo* ou en *-za*: nalgúns casos obsérvase que hai palabras con absorción da semiconsoante palatal, sempre máis antigas no idioma ca aquelas que o conservan, que sobreviviron porque mantiveron un determinado valor tradicional ou cando menos especializado que facía rendible a súa oposición fronte ás correspondentes formas cultas. Veláí os casos, xa revisados, de *vezo* e *vizo* fronte a *vicio*, de *Constanza* (nome propio) fronte a *constancia* (nome común), de *pazo* ('casa señorial típica do campo galego') fronte a *palacio* ('residencia suntuosa dun rei ou dun alto dignatario') ou de *tercio* (partitivo) fronte a *terza* (ordinal en sintagmas tradicionais coma *terza feira*); é tamén en parte o caso de *pendencia* ('contenda, rifa') fronte a *penitencia* ('castigo'), se ben nesta ocasión a forma tradicional acabou incluso asumindo o sufixo latinizante *-encia*, que na lingua moderna terminou por se-lo único productivo neste terreo ante o bloqueo do tradicional *-enza*. A *conuēenza*, en cambio, non lle valeu como salvagarda a súa especialización semántica fronte a *conveniencia*: tal vez facilitou a súa desaparición o feito de que *contrato*, por ser vello no noso idioma (cf. *Cronología*), estivese á man, polo menos desde o século XIV, como o seu posible recambio definitivo.

DESENVOLVEMENTO DAS ABREVIATURAS CORRESPONDENTES ÁS FONTES CONSULTADAS⁴²

Adro: F.R.A.: «*Freiría*. Bos días Aguiar: como bay hó?», *Gazeta Marcial y Política de Santiago*. Santiago de Compostela, 1 de abril de 1813, núm. 30, pp. 318-324. Pódese consultar na biblioteca da Real Academia Galega e mais no Museo Provincial de Lugo.

Alameda,; *Diálogo en la Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitaso*. Santiago: Imprenta de J. Núñez Castaño, setembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, RSE Misc. II-17 e RSE Misc. 44).

⁴¹ Outras voces con triunfo de *-zol-za*, non documentadas nos textos de entre 1800 e 1840, pero si nos séculos escuros, son: *Abença* (*Olea*, p. 604; «la cría del ganado»), *avenza - ovenza - -avénza - avinza - avenzarse - avenzado* (*Sobreira-Pap.*, pp. 327-328), *avinza - avinzado - avinzarse* (*Sobreira-Pap.*, p. 330), *avinzenza* (*Cornide-Cat.*, p. 311; 'avinza') e *mantenza* (*Cornide-Cat.*, p. 335).

⁴² No caso dos textos de entre 1800 e 1840, as referencias á liña ou liñas de cada ocorrencia remiten á edición que deles preparei en Mariño (1991). Para os outros remito ou ós propios manuscritos ou edicións orixinais ou ás edicións manexadas.

- Alameda*₂: *Diálogo 2º En la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Bartolo, Freitoso y un Cura errante que toma parte en la conversación*. Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, 15 de novembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, RSE Misc. 44).
- Alameda*₃: *Diálogo tercero en la Alameda de Santiago, entre los mismos Cristobo, Farruco, Freitoso y el cura Consabido*. Santiago: Imprenta de don J. F. Campaña y Aguayo, 31 de decembro de 1836 (Museo de Pontevedra, Legado Baltar, Impresos 4 -22-). Reprodúcese con case total exactitude en R. Chacón (1986): «Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos», *Grial* 93, pp. 349-364; este diálogo encóntrase en concreto entre as pp. 358-362.
- APérez*: F. R. Tato Plaza (1994): *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)*. Tese de doutoramento. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.
- Artigo*: X. de Mingucho: «Artículo comunicado», *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 29 de setembro de 1812, núm. 70, pp. 859-860. Pódese consultar na biblioteca da Real Academia Galega (A Coruña) e mais no Museo Provincial de Lugo.
- Bért. e Ming.*: R.F.: «Conversacion entre los compadres Bértolo y Mingote», *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 1813, núm. 12, pp. 138-142. Pódese consultar na biblioteca da Real Academia Galega (A Coruña) e mais no Museo Provincial de Lugo.
- Burón*₁: «Alos insurreccionados de Buron», in *Diario Constitucional de La Coruña*, A Coruña, 23 de xaneiro de 1823. Pódese ler na biblioteca da Fundación Penzol (Vigo). O poema reeditouse nun artigo anónimo titulado «Poesía galega nas loitas políticas do XIX», *Grial* 71 (1981), pp. 102-104.
- Burón*₂: «Apronten pois as comadres», in *Diario Constitucional de La Coruña*, A Coruña, 6 de febreiro de 1823. Pódese ler na biblioteca da Fundación Penzol (Vigo). O poema reeditouse no artigo anónimo «Poesía galega nas loitas políticas do XIX», *Grial* 71 (1981), pp. 102-104.
- Cacheiras*: *Parola k'houbó entre Goriño Antelo, Farruco Allende, e Antón Terelo a tarde de carta feira d'a outra semana n'a taberna de Cacheiras, relatada ó pé da letra por un urbano que à oeu agachado tras d'unha pipa; que viña de camiño* (ca. 1836) (Biblioteca particular do profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández).
- Cambeadores*: *Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores* (ca. 1624). Segundo X. H. Monteagudo Romero (no prelo): «Noticia dun texto prosístico en galego do século XVII: 'Memoria da fundación da Confraría de Cambeadores'», in R. Lorenzo/R. Álvarez Blanco (eds.) (no prelo): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: Universidade, trátase probablemente dunha falsificación que en 1624 fixo en Santiago de Compostela don Pedro de Aroza y España. Debe de ser esta falsificación de 1624 a que máis de cen anos despois transcribiu F. X. de la Huerta

y Vega (s.d.: 1734/1736?): *Anales de el Reyno de Galicia*. Santiago: Ignacio Guerra; outra transcripción parcial do texto, esta baseada con certeza na falsificación de 1624, é a que publicou A. Rioboo y Seixas (s.d.: 1747?): *Analysis Historica-Chronologica de la primitiva Erección, progressos y diversas reedificaciones de la Santa Iglesia de Santiago*. Santiago: Andres Fraiz. As referencias que dou remiten á páxina e á liña da transcripción de Huerta y Vega.

Carta lib.: Carta a un liberal, *Estafeta de Santiago*, Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1813, tomo I, núm. 19, pp. 149-150. Pódese consultar no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (Santiago de Compostela), na Fundación Penzol de Vigo, no Museo Provincial de Lugo e mais na Hemeroteca Municipal de Madrid.

Carta rec.: R. González Senra: «Carta recomendada», *Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 1812, pp. 17-21. Pódese consultar na biblioteca da Real Academia Galega (A Coruña) e mais no Museo Provincial de Lugo.

Casamenteira: A. B. Fandiño (1849): *Sainete en gallego para cuatro personas, del célebre literato D. Antonio Benito Fandiño. Juguete inédito, hallado entre los papeles de un curioso del autor, y se da a luz para honrar su memoria*. Es propiedad particular. Nadie debe reimprimirle. Orense: Oficina de D. Juan María Pazos, donde se hallará (Biblioteca da Fundación Penzol, Vigo, C - 27 / 2). Inda que publicada en 1849, Fandiño compuxo esta peza no ano 1812, estando preso no cárcere de Santiago de Compostela.

*Castro*₁: A. M^a de Castro y Neira: “Alborada” (primeiro tercio do séc. XIX). Esta composición de Nadal encóntrase manuscrita no arquivo musical da catedral de Mondoñedo (Lugo), acompañada da notación musical do Mestre Pacheco. Pode lerse agora na recente edición, non filolóxica, de C. Villanueva (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, pp. 265-266.

*Castro*₂: A. M^a de Castro y Neira: «Alegrádevos, pastores» (primeiro tercio do séc. XIX). Esta composición de Nadal encóntrase manuscrita no arquivo musical da catedral de Mondoñedo (Lugo), acompañada da notación musical do Mestre Pacheco. Pode lerse agora na recente edición, non filolóxica, de C. Villanueva (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza», p. 250.

*Castro*₃: A. M^a de Castro y Neira: “Vinde axiña, compañeiros” (primeiro tercio do séc. XIX). Esta composición de Nadal encóntrase manuscrita no arquivo musical da catedral de Mondoñedo (Lugo), acompañada da notación musical do Mestre Pacheco. Pode lerse agora na recente edición, non filolóxica, de C. Villanueva (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, p. 268.

*Castro*₄: A. M^a de Castro y Neira: “Albricias, que nesta noite” (primeiro tercio do séc. XIX). Esta composición de Nadal encóntrase manuscrita no arquivo musical da catedral de Mondoñedo (Lugo), acompañada da notación musical do Mestre Pacheco. Pode lerse agora na recente edición, non filolóxica, de C. Villanueva (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza”, pp. 249-250.

- CGalega*: R. Lorenzo (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada con introducción, índice onomástico y glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo" [vol 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol 2: Glosario, 1977].
- Concheiros*: *A Tertulia dos Concheiros. Diálogo entre Pascual, Basilio, Alberte y un cura* (ca. 1836). Santiago: Imp. de José M. Paredes. Reprodúcese en R. Chacón (1986): «Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos», *Grial*, pp. 349-364; o texto encóntrase concretamente nas pp. 362-364.
- Corónica*: J. Carro García (ed.) (1951): *Corónica de Santa María de Iria (Códice gallego del siglo XV)*. Edición, prólogo, notas y glosario de —. Anexo V de *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela: CSIC/Instituto Padre Sarmiento, de Estudios Gallegos.
- Corral*: L. Corral Rodríguez, «Vamos a Belén, amigos» (primeiro tercio do século XIX). Esta composición de Nadal, encóntrase manuscrita no arquivo musical da catedral de Mondoñedo (Lugo), acompañada da notación musical do Mestre Pacheco. Pode lerse agora na recente edición, non filolóxica, de C. Villanueva (1994): *Los villancicos gallegos*. A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza», pp. 267-268.
- Cronologia*: R. Lorenzo (1968): *Sobre cronologia do vocabulario Galego-Português (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- CSM*: Afonso X o Sabio (1981): *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- CTroiana*: R. Lorenzo (1985): *Crónica Troiana*. Introducción e texto. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa. Como na introducción de Ramón Lorenzo non se estudian as terminacións que analizo neste traballo, no caso da *Crónica Troiana* recorrín ás fichas preparadas polo propio Ramón Lorenzo que se custodian na Sección de Galego Medieval do Instituto da Lingua Galega.
- Cuveiro*: J. Cuveiro Piñol (1876): *Diccionario gallego*. Barcelona: Establecemento Tipográfico de N. Ramírez.
- Chaínsa*: *Encuentro y Coloquio Que tuvieron na pontella da Chainsa, cercana á vila de Noya, Gurumete, Pedro de Atanasio, é Pepe Alonso, o día 13 de Noviembre de 1836, en que se nombrou na—quela vila ó Auntamento Costitucional*. Santiago: Imprenta de D. José Fermín Campaña y Aguayo, 27 de xaneiro de 1837.
- Décima*: *Décima constitucional, Gazeta Marcial y Política de Santiago*, Santiago de Compostela, 23 de marzo de 1813, núm. 27, pp. 287-288. Pódese consultar na biblioteca da Real Academia Galega (A Coruña) e mais no Museo Provincial de Lugo.
- Entremés*: Gabriel Feijoo de Araujo (1671): *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (Biblioteca Nacional de Madrid, ms. 16717).
- Farruco*: Pedro Boado Sánchez (1823): *Diálogo entre dos Labradores gallegos afligidos y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo. CUADERNO PRIMERO al cual seguirá el segundo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles,*

relativas á los que comunmente se llaman derechos de estola y pie de Altar. Orense: Oficina de D. Juan María de Pazos. Pódese ler no Museo de Pontevedra (Casal, XXIX). Nunca apareceu a segunda parte anunciada, pero si se publicou unha segunda edición en 1841: Pedro Boado Sánchez: *O tío Farruco. Diálogo entre dos labradores gallegos, afligidos, y un Abogado instruido, despreocupado y compasivo. Contiene las principales disposiciones eclesiásticas y civiles relativas a los que se llaman comúnmente derechos de estola y pie de altar. Su autor, D. Pedro Boado Sánchez, Jefe político de Orense en la anterior época constitucional. Segunda edición. Reimpreso en Orense. Oficina de D. Juan María de Pazos. Julio de 1841* (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, R. 9681; faltan neste exemplar as pp. 49-50).

FeijooP: P. Feijoo y Montenegro (1723): «Escoyten que falo eu», in *Sagradas Flores del Parnaso, de la bien templada lyra de Apolo, que a la reverente catholica acción, de aver ido acompañando sus Magestades al SSmo. Sacramento, que iba a darse por Viatico á una Enferma, el día 28 de Noviembre de 1722. Cantaron los mejores cisnes de España...*, Madrid, Imprenta de Juan de Ariztia, 1723, p. 134 (Biblioteca do mosteiro de Poio, R.S. 36 / 3 / 7).

Fiscal: “A Xusticia ten de todo”, in *El Fiscal de los Jueces*, A Coruña, núm. 1 (8-9-1821), p. 1. Pódese consultar na biblioteca da Fundación Penzol (Vigo).

Fruíme: D.A. Cernadas y Castro (1778): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime D. —, natural de Santiago de Galicia*, 7 tomos. Madrid: Por D. Joachin Ibarra, Impresor de Cámara de S. M. Con las licencias necesarias. As poesías galegas encóntranse en: tomo I, pp. 315, 316, 322-323, 331; tomo II, páx. 42; tomo III, pp. 305, 314-318; tomo IV, pp. 191-192, 193; tomo V, pp. 72-73, 181-183.

Gondomar₁: Carta de don Juan de Lanços y de Andrade a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (Zamora, ca. 1598). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2135, doc. 20). Pódese ler tamén en L. Tobío (1977): «Outras dúas cartas en galego a Gondomar», *Grial* 57, pp. 366-367.

Gondomar₂: Carta de dona Beatriz da Serra a don Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar (Baiona, 20-5-1603). Custódiase na *Biblioteca de Palacio*, Madrid (2137, doc. 6). Pódese ler tamén en L. Tobío (1977): «Outras dúas cartas en galego a Gondomar», *Grial* 57, pp. 366-367.

Gor e Ming.: «Comunicado. Diálogo entre Gorecho é Mingos», *Boletín Oficial de La Coruña*. A Coruña, núm. 147, 6 de xullo de 1836. Hai unha reprodución fotográfica en X. R. Barreiro Fernández (1982): *Historia contemporánea de Galicia*. A Coruña: Gamma, vol. 2, p. 63. Tamén se reproduce, con case total exactitude, en R. Chacón (1986): «Os primeiros textos en prosa. Tres novos textos», *Grial* 93, pp. 349-364; este diálogo encóntrase concretamente nas pp. 356-358.

Iria: *Historia de Yria* (Biblioteca Apostólica Varicana, Barb lat. 3578). É unha copia da *Historia de Iria* do século XV que se lle enviou a Tomás Tamayo de Vargas (1588-1641) probablemente entre 1617 e 1630, cando a polémica sobre o padroado de España

compartido entre Santiago e Santa Teresa de Xesús avivou o interese polas cousas xacobeas.

Isla: M. F. de Isla y Losada (ca. 1775): “¡Ouh, meu crego!, ¿seique qués?”, in C. Martínez Barbeito (1957): “Doña María Francisca de Isla y su romance en gallego al cura de Fruíme”, *Boletín de la Real Academia Gallega* 28, pp. 17-36.

Letrilla: [V. Turnes] (1829): *Letrilla de los Labradores Gallegos á los Regios Desposorios de S.M. en las funciones de la M.N. y M.L. Ciudad de Santiago, con su acostumbrado Ala, lála, lála, lála / Ala, lála, lála, lála*. Santiago: Imprenta de D. Juan Francisco Montero (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, RSE Misc. III-11). Que a letrilla é de Vicente Turnes confirmanolo o seguinte fragmento da *Parola de Cacheiras*: «Eganóuse, mintéu o cego Turnes, cando dixo «tirrias, vingas e liortas xa moi logo terán fin»; por que é certo que foi cando comenzano». Estas mesmas palabras conforman os versos 45 e 46 da presente letrilla.

Maia: C. de Azevedo Maia (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referênciã à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.

Minervais: *Fiestas Minervales y aclamacion perpetua de las Musas, à la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentissimo Señor D. Alonso de Fonseca El Grande, Arzobispo de Toledo, y de Santiago, por sv Escuela, y Vniversidad, qve afectuosamente las consagra, dedica, y ofrece, al Excelentissimo Señor Conde de Monte-Rey, su Protector, Valedor, y Mecenas: Por mano de el doctor D. Ioseph Varela y Vasadre, Retor de dicha Vniversidad, y Prior de la Santa y Apostolica Iglesia de el Señor Santiago: Con acuerdo de el Claustro; y por su comision; de el Secretario, que obediente las descriue*. Con licencia. En Santiago: Por Antonio Frayz. Año de 1697. Ed. facsímil, con *Estudio literario das Festas Minervais Compostelanas de 1697* de X. Alonso Montero: Santiago de Compostela: Universidade, 1993 [Con nove romances galegos entre as pp. 29-55].

Noguerol: J. Noguerol y Camba (1708): «Versos gallegos à Nuestra Señora de Reza» (1708), in *El Clarín de la Fama y Cithara de Apolo. Con métricos rasgos a la Reales Fiestas, que en el felicísimo nacimiento de el Príncipe N. Señor D. Luis Jacobo Primero el Deseado executó la esclarecida y nobilísima, y muy leal Ciudad de Orense...* Santiago: En la Imprenta de Antonio de Aldemunde. (Biblioteca do mosteiro de Poio, R.S. 36 / 5 / 33-34).

Picaños; *La Tertulia de Picaños, Patria del célebre y honrado Vilas, capatáz de Carreteros; Conductor de efectos estancados de la Hacienda pública; Mayordomo que ha sido del Santísimo Sacramento; de la Patrona de su Parroquia; de S. Blas; de S. Antonio y Animas; porta-estandarte en muchas y diversas procesiones sacro-profanas; individuo de várias Cofradías, con voto decisivo en ellas, &., Individuos que asisten a ella: Vilas, seu fillo Farruco, Pepe, Andruco, e Catuxâ*. Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo, 31 de outubro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, RSE Misc. IX-13).

*Picaños*₂; Núm.2º. *Sigue la Tertulia de Picaños. Asistentes a ella, los Consabidos Farruco, Pepe, Andruco, Catuxá, y un Abad recién llegado.* Santiago: Imprenta de D. José Fermín Campaña y Aguayo, 15 de decembro de 1836 (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago, RSE Misc. IX-13).

Proezas: J. Fernández Neira (1810): *Proezas da Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote.* A Coruña: Imprenta da Vila. Consérvanse dous exemplares desta primeira edición no Museo de Pontevedra: F. Gal. 804 / I nº 50 e, ademais, Col. Casal XXVIII-D. Existe unha edición facsímil: José Fernández Neira (1984): *Proezas de Galicia.* Editado en facsímile, con Limiar de Carlos Martínez Barbeito. Pontevedra: Bibliófilos Gallegos.

Quintana: *La Tertulia en la Quintana, ó Dialogo entre Andruco, Xâcobe è Alberte el dia de Corpus,* Santiago: Imprenta de D. Manuel Antonio Rey, 1820. Pódese ler no Museo de Pontevedra (Legado Baltar, Impresos 4 -22-).

Relazón: *Relazon da carta xecvtoria* (ca. 1515), en Fernando de Saavedra Rivadeneira y Aguiar Pardo de Figueroa, *Memorial / al Rey N. Señor; / en que se recopila, adiciona y representa / quanto los Coronistas, y otros autores han escrito, y consta por instrumentos, / del origen, y antigüedad, descendencia, y sucesión, lustre / y servicios / de la Casa de Saavedra, / y de identidad, y permanencia de su primitivo / Solar, y Estados en el Reyno de Galicia, / y de la línea primogénita, recta y troncal de varon / de sus Posseedores, Cabeças, y Parientes mayores, continuada desde los / primeros siglos de su mas antigua fundación, hasta / el presente. / Por don —, / sucesor, y actual poseedor della,* Año de / 1674. Con licencia: En Granada, en la Imprenta Real de Francisco de Ochoa, en la calle de Abenamar, pp. 137-138. Pódese consultar na biblioteca da Fundación Penzol (Vigo).

O autor indica que nas primeiras décadas do século XVI corrían polo país galego «relaciones auténticas, è impressas por todo el Reino, de que han quedado en el de Galicia muchas en algunas Casas de los descendientes del Mariscal, como la que para en la de Taboy, y copiada à la letra en Gallego, segun su original, en poder sel Suplicante, que ella con este titulo es como se sigue» (p. 137). E segue a *Relazón*.

Rodríguez: F. J. Rodríguez (1865): *Diccionario gallego-castellano.* A Coruña: Imp. del Hospicio Provincial, á cargo de D. Mariano M. y Sancho.

Rogos: M. Pardo de Andrade (1813): *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abriilles os ollos sobre certas ñorancias, e o demais que vera o curioso lector.* Coruña, á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitucion. En la caixa tipográfica del Diario. Pódese consultar na biblioteca da Fundación Penzol de Vigo (C - 8 / 19). Existe unha copia mecanografada do orixinal no Instituto da Lingua Galega (ILGA), en Santiago de Compostela (signatura 82.1 PAR - 1/2).

Romance: Romance pola volta de Fernando VII, in *El Ciudadano por la Constitución,* A Coruña, 23 de abril de 1814, núm. 274, pp. 1111-1112. Pódese consultar no Museo

de Pontvedra, na biblioteca da Fundación Penzol de Vigo e mais na Biblioteca Nacional de Madrid.

- Rosalía de Castro: Cantares gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880). Os datos que utilizo neste artigo están tirados do seguinte traballo: R. Lorenzo (1985): “A lingua literaria na época de Rosalía”, in *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/ Universidade, vol. 3, pp. 7-50.
- Sarmiento-Col.*: Fr. M. Sarmiento (1746): *Coloquio de 24 rústicos* (1746). Cito pola miña edición: Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición crítica e estudo introductorio de Ramón Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Sobreira-Ens.*: Fr. J. Sobreira (1794): *Ensayo para la historia general botánica de Galicia*. Cito pola edición de J. L. Pensado (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Vigo: Galaxia, pp. 221-267.
- Sobreira-Pap.*: Fr. J. Sobreira: *Papeletas de un diccionario gallego* (séc. XVIII). Cito pola edición de J. L. Pensado: *Fr. Juan Sobreira: papeletas de un diccionario gallego*. Edición y estudio, I. Texto. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos ‘Padre Feijoo’, 1979.
- Suplemento*: “Si xunto as PALLAS ó fogo”, in *Suplemento al Diario Constitucional de La Coruña*, A Coruña, 8-12-1821. Pódese consultar no Museo de Pontevedra.
- Tonel*: J. Gómez Tonel (1612): “Turbas corran as Agoas, poña luto”, in J. Gómez Tonel (1951): *Relación de las Exequias que hizo la Real Audiencia del Reyno de Galicia a la Majestad de la Reyna D^a Margarita de Austria, Nuestra Señora (q. Dios tiene). Descriptas y Puestas en Stilo por —*. Edición facsímil. Santiago de Compostela: Bibliófilos Gallegos.
- Torrado*: M. Torrado (ca. 1622-1630): «Santo da barba dourada». Baséome nunha lectura persoal da copia manuscrita da folla de garda final do primeiro volume de *El cisne occidental* do padre Gándara (Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago: RSE. 1093).
- Valladares*: M. Valladares Núñez (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central.

BIBLIOGRAFÍA

- Afonso X o Sabio (1981): *Cantigas de Santa María*. Edición crítica de Walter Mettmann. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- Corominas, J. / Pascual, J. A. (1987/1989//1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*, 6 vols. Madrid: Gredos [vol. 1: 1987; vols. 2, 3, 4: 1989; vols. 5, 6: 1991].

- Cunha, A. Geraldo da (1986/1988/1994_a): *Índice do vocabulário do português medieval*, 3 vols. Rio de Janeiro: Fundação Casa de Rui Barbosa [vol 1: A (1986); vol. 2: B-C (1988); vol. 3: D (1994)].
- Cunha, A. Geraldo da (1994_b): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*, 2ª ed. revista e acrescida de um suplemento. Rio de Janeiro: Nova Fronteira.
- Cuveiro Piñol, J. (1876): *Diccionario gallego*. Barcelona: Establecimiento Tipográfico de N. Ramírez.
- Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos*. Vigo: Ir Indo.
- García González, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade.
- Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega (1995): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 12ª ed. revisada. Vigo.
- Lorenzo, R. (1968): *Sobre cronologia do vocabulário Galego-Português (Anotações ao 'Dicionário etimológico' de José Pedro Machado)*. Vigo: Galaxia.
- Lorenzo, R. (1975/1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. Edición crítica anotada con introducción, índice onomástico y glosario. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos «Padre Feijoo» [vol. 1: Introducción, texto anotado e índice onomástico, 1975; vol. 2: Glosario, 1977].
- Lorenzo, R. (1985_a): *Crónica Troiana*. Introducción e texto. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- Lorenzo, R. (1985_b): «A lingua literaria na época de Rosalía», in *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/Universidade, vol 3, pp. 7-50.
- Machado, J. P. (1967): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*, 2ª ed., 3 vols. Lisboa: Confluência.
- Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XIII ao século XVI (com referência à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.
- Mariño Paz, R. (1991): *Estudio ortográfico, fonético e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego (1805-1837)*, 2 vols. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.
- Mariño Paz, R. (1995): “Estudio introductorio”, in Fr. M. Sarmiento (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición de —. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 7-102.

- Pensado, J. L. (1976): *Contribución a la crítica de la lexicografía gallega. I. El Diccionario Gallego-Castellano de F. J. Rodríguez y su repercusión en la lexicografía gallega*. Salamanca: Universidad.
- Rivas, E. (1976): «La isoglosa Pacio/Pazo en Galicia», *Verba* 3, pp. 357-364.
- Rodríguez, F. J. (1865): *Diccionario gallego-castellano*. A Coruña: Imp. del Hospicio Provincial, á cargo de D. Mariano M. y Sancho.
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega*. Lugo: Soto Freire.
- Sarmiento, Fr. M. (1975): *Viaje a Galicia (1745)*. Edición e introducción de J. L. Pensado. Salamanca: Universidad.
- Sarmiento, Fr. M. (1995): *Coloquio de vinte e catro galegos rústicos*. Edición crítica e estudio introductorio de R. Mariño Paz. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Schmitt, Ch. (1988): *Contribuciones a la lingüística evolutiva*. Barcelona/Caracas: Alfa.
- Tato Plaza, F. R. (1994): *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)*. Tese de doutoramento. Microficha. Santiago de Compostela: Universidade.
- Valladares Núñez, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano*. Santiago: Estab. Tip. del Seminario Conciliar Central.
- Viterbo, Fr. J. de Santa Rosa de (1966; 1ª ed.: 1798/1799): *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram*. Edição crítica baseada nos manuscritos e originais de Viterbo por Mário Fiúza, 2 vols. Porto/Lisboa: Civilização.